

sarria

A vila aposta pola música e a tradición nas súas festas de San Xoán. **Páx. 3**

paradela

A Deputación de Lugo venderá un lote de parcelas no municipio. **Páx. 15**

o incio

A cantante Lucía Pérez será a pregoeira da XLV Feira do Viño de Amandi. **Páx. 18**

o páramo

O Goberno local propón unha nova localización para a residencia de maiores. **Páx. 20**

samos

Celébranse os II Cantos de Taberna do Concello de Samos o 12 de abril. **Páx. 20**

O Museo Paixón Motor Slot estará en Sarria



O Pleno apoia o Plan Deputación

Foi aprobado por unanimidade o reparto dos cartos en cada un dos 67 concellos. **Páx. 13**

Feira da Tenreira de Láncara

O alcalde, Darío Piñeiro, pon en valor o produto e o evento, que se celebra a finais de abril. **Páx. 17**

Hospitaleros Sin Fronteras



O presidente da ONG fala do traballo que se fai desde Sarria e en Senegal. **Páx. 4-5**

Charanga Louband



Os oito integrantes poñen en valor o seu estilo dinámico nas actuacións. **Páx. 8**

Museo da Pedra



Álvaro Pereiro fala do Museo da Pedra do Incio, que acolle singulares pezas. **Páx. 19**

Entrevista ao Club Seurri de Sarria

Desde a entidade din que “o tiro con arco é un deporte cheo de valores esenciais”. **Páx. 23**



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

NOVEDAD

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



www.corbarsll.com

RODILLOS AGRÍCOLAS
ARRASTRADOS AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240



MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

SARRIA

Xa hai datas para a celebración do Festival Ribela Love Nature



Os organizadores do Festival Love Nature de Sarria confirmaron as datas da súa terceira edición, que se celebrará os próximos 22 e 23 de agosto de 2025. O evento, promovido pola Asociación Cultural Ribela e que xa se consolidou como unha cita destacada na xeografía galega, promete de novo ofrecer unha experiencia única, combinando natureza, música, gastronomía e sostibilidade. Na edición do ano pasado, 13 artistas internacionais deleitaron ao público coas súas actuacións, entre os que se atopaban nomes como Alicia Carrera, Bawrut, Cemento Musgo, Certain People, Eduardo de la Calle, Identified Patient, John Axiom Live Band, Jor Ginho, Promising/Youngster, R0b0t City, Scandinavian Star oqbbq, Sutan e Violet. Unha programación variada e de alto nivel que atraeu a milleiros de persoas á celebración.

A primeira edición do festival, celebrada en 2022, contou coa participación de 22 artistas, que animaron durante catro días seguidos un espazo de 10.500 metros cadrados, creando un ambiente único e especial. O Festival Ribela Love and Nature naceu con vocación de ser un evento diferente, con enfoque na natureza, a música e a sostibilidade. Despois de anos de formación e preparación por parte dos seus organizadores, a iniciativa converteuse nun referente dentro da oferta cultural galega, logrando crear un espazo no que se coidan tanto os aspectos artísticos como ambientais e sociais. Con esta terceira edición, o Festival Love Nature continúa con súa proposta de ofrecer un evento para todos os gustos, coas mellores bandas, un ambiente acoledor e un firme compromiso co medio ambiente.

O Concello convoca o XXV Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño

O Concello de Sarria, coa colaboración da Agrupación Cultural Ergueitas, vén de anunciar a convocatoria da vixésima quinta edición do Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Este certame, xa consolidado como unha das referencias literarias en Galicia, celebra vinte e cinco anos de compromiso coa poesía en lingua galega e coa memoria de Fiz Vergara Vilariño, unha das voces máis destacadas da literatura do país. A convocatoria está aberta a todas aquelas persoas que desexen presentar obras poéticas escritas en galego, sen que se valore a escolla ortográfica empregada. Os textos deberán ter un mínimo de 500 versos e ser orixinais e inéditos, é dicir, non publicados nin premiados previamente; e as obras deberán entregarse en papel, en catro copias, acompañadas dunha plica pechada que conteña os datos da persoa au-



tora. Os traballos deberán enviarse ao Concello de Sarria, na rúa Maior número 14, código postal 27600. O prazo de recepción permanecerá aberto ata o 9 de maio de 2025. A obra gañadora recibirá un premio económico de 6.000 euros, ademais de ser publicada pola Editorial Espiral Maior, unha das máis recoñecidas

no ámbito poético galego. O fallo do xurado darase a coñecer antes do 28 de novembro de 2025. Con esta nova edición, o Premio Fiz Vergara Vilariño reafirma o seu papel como espazo de promoción da poesía e da lingua galega, unha homenaxe viva á creación literaria e á palabra poética.

As festas de Taíde, en Barbadelo, celebraranse os días 5, 6 e 7 de xullo

Sarria prepárase para vivir tres días de celebración coas festas de Taíde 2025, que terán lugar os días 5, 6 e 7 de xullo na honra a San Pedro. O evento contará con música, gastronomía e actividades que prometen facer gozar a veciños e visitantes. O venres 5 de xullo, a festa comezará cunha pancetada popular, que

estará amenizada pola cantante Verónica Cambón, coñecida polo seu estilo animado e festivo. O sábado 6 de xullo, a xornada arrincará coa misa e sesión vermú a cargo dunha gran orquestra. Pola noite, a verbena estará protagonizada pola Orquestra Los Satélites, unha das agrupacións máis recoñe-

cidas no panorama musical galego. O domingo 7 de xullo, a música continuará coa participación da Charanga Louband, que porá ritmo á sesión vermú e á verbena nocturna. Como broche de ouro, a emblemática Orquestra Panorama ofrecerá un espectáculo cheo de luces, son e grandes éxitos.



Rebollal - Leal
CLÍNICA CARDIOLÓGICA



TU CARDIÓLOGO EN SARRIA
ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA



Rebollal - Leal
CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Insuficiencia Cardíaca
- Arritmias
- Cardiopatías Congénitas

- Cardiopatías Familiares
- Prevención Cardiovascular
- Hipertensión Arterial
- Dolor torácico

Nº Reg. Sarr: C-27-001193

Rúa da Liberdade 111, Entresuelo C. Sarria – Lugo / Tel.. 634 406 084

A Praza de Abastos acollerá o Museo Paixón Motor Slot

O pleno municipal de marzo do Concello de Sarria aprobou a cesión gratuita de uso das instalacións da Praza de Abastos para o desenvolvemento do Proxecto do Museo Paixón Motor Slot, un museo dedicado á historia do automóbil de competición a través de miniaturas eléctricas tipo slot cars, promovido por Julio Páramo.

A proposta xerou un intenso debate no pleno, xa que tanto o PP como o PSOE solicitaron que se deixase o asunto sobre a mesa por falta de información sobre o proxecto. Ambos partidos votaron en contra da cesión, mentres que Camiña Sarria e BNG votaron a favor, o que permitiu a súa aprobación.

Pola súa parte, Julio Páramo valora positivamente que se aprobara a cesión das instalacións para poder levar a cabo unha iniciativa pola que leva loitando anos. "Creo que o conxunto da conversa no pleno aportou cousas interesantes e valoro o voto a favor de Camiña Sarria e do BNG, así como entendo que tanto PP como PSOE quixeran alongar o tempo para poder estudar o proxecto". Así, destacou que o PP "utilizou o argumento de que a cesión é precaria e hai que ver a viabilidade do proxecto, mentres que o PSOE incidiu no tema dos prezos, cando hai moitos museos públicos que cobran entrada, así como comparou o proxecto con outras exposicións, o que a min me pareceu unha maneira de degradalo, a pesar de que no seu día veu á exposición piloto a apoiala", lamenta.

MÁIS ASUNTOS. Por outra banda, a corporación municipal aprobou por unanimidade adherirse ao



convenio asinado entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa velutina no ano 2025.

O pleno aprobou ademais a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público e industrias ambulantes. O PP abstívose na votación ao considerar que, a pesar de valorar a baixada da taxa, a negociación cos polbeiros non estaba completamente pechada.

Tamén se aprobou a creación dunha ordenanza reguladora do prezo público pola venda de produtos, artigos e publicacións municipais, así como pola prestación de servizos turísticos do Concello de Sarria. O goberno local xustificou a medida argumentando que en eventos como o San Xoán se elaboran camisetas e non se poden regalar a todo o mundo debido ao seu elevado custo, polo que esta ordenanza permitirá sufragar os

gastos.

Outro dos puntos aprobados foi a creación dunha ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de conciliación da vida familiar e laboral. Segundo os grupos de Camiña Sarria, BNG e PSOE, o servizo "Sarria Concilia" non está suficientemente financiado, o que atribúen á Xunta. Pola súa banda, o PP culpou ao goberno local e abstívose na votación. Finalmente, os demais grupos votaron a favor da proposta.

Ademais, aprobouse a solicitude de bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) para a Área de Rehabilitación Integral do municipio.

O PP presentou dúas mocións, pero ambas foron rexeitadas no pleno. A primeira propoñía instar á Deputación de Lugo a revisar determinadas liquidacións do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) do exercicio de 2019. A segunda demandaba ao Goberno central medidas ante a falta de médicos, pero todos os grupos votaron en contra, responsabilizando directamente á Xunta da situación sanitaria que se vive nas localidades galegas.

Sarria aposta pola música e a tradición nas súas festas de San Xoán



As festas de San Xoán en Sarria volverán ter como protagonistas as verbenas, cunha clara aposta polas orquestras. Este ano, serán sete as formacións musicais encargadas de amenizar os festexos, que se desenvolverán entre o 20 e o 24 de xuño.

A concelleira de Festas, Geni Valcárcel, presentou o avance do programa, e tamén se revelou a talla da Tamborileira, obra do artista local Rubén Santiago, en homenaxe a unha figura histórica do municipio, Xaime Féliz López Arias.

As festas Patronais comezarán o día 20 de xuño, venres, coa música de Panorama City e Miramar no escenario instalado no campo de rugby, mentres que o sábado 21 terá lugar o Vibra Xoán, con actuacións aínda por confirmar.

O 22 de xuño, domingo, acollerá os concertos de Los Players e a orquestra New York, mentres que o luns 23 terá lugar a Noite de Lume, acompañada da tradi-

cional queimada e pancetada, e que contará unha vez máis co espectáculo do 'correfoc', a actuación do grupo de música folk Eoas e a orquestra Finisterre. O peche das celebracións terá lugar o día 24, con música a cargo das formacións Olympus e Capitol.

Ademais, a festa non rematará aí, xa que as barracas seguirán ata o día 25, mércores, incluído, sendo este o Día dos Nenos, que terá prezos reducidos para que todos os nenos e nenas da vila poidan desfrutar das festas. Con respecto ás persoas con sensibilidade auditiva, elas tamén poderán desfrutar das festas, xa que o Concello de Sarria habilitará uns tramos horarios, probablemente entre as 18.00 e as 20.00 horas, para baixar o volume das barracas e así ter unhas horas cada día sen ruído. Ademais, o pregón contará coa presenza dun intérprete en lingua de signos.

MADERAS GUILLAR
COMPRAMOS MADEIRA
DE TODO TIPO:
CASTAÑO, CARBALLO,
PINO, EUCALIPTO
 (fincas de calquera tamaño)
ENCARGÁMONOS DE TODO
PAGO INMEDIATO

645 958 789 (Pablo)
 660 517 860 (José Angel)

CHÁMENOS SEN COMPROMISO

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
 Multimeditallista nacional
 Bicampeón de España absoluto
 Bronce Europeo 2019
 Campeón de Europa por equipos en 2021
 Mundialista en 3 ocasións, 2018, 2022 y 2023

Escuela de TAEKWONDO SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
 AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
 CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

“A nosa aspiración é poder seguir escolarizando nenos talibé”

A ONG sarriá Hospitaleros Sin Fronteras cumpre 10 anos de traballo incansable, dos que fala o seu promotor e presidente, Jose Mejías

Jessica Fernández

A situación dos nenos talibé de Senegal deulle impulso a Jose Mejías para poñer en marcha hai dez anos a ONG Hospitaleros Sin Fronteras, que ten a súa sede en Sarria, desde onde actúan no país de Senegal. Desde a súa formación no ano 2015, o presidente da ONG valora positivamente o percorrido levado a cabo, xa que “comezamos con catro persoas e agora contamos con 150 socios que nos axudan economicamente a través da súa cota anual de 60 euros, o que supón uns 5 euros ao mes. Quizais, para eles, 5 euros non é nada, pero para nós supón poder axudar a nenos que viven nunhas condicións pésimas nas daaras, podendo ofrecerlles alimento, escolarización e incluso un lugar mellor onde durmir”, explica Mejías. Os nenos talibé son aqueles que veñen da zona rural e pobre de Senegal cara ás cidades da man dun marabú, que é como o seu titor legal, despois de que os seus pais os abandonen debido á falta de recursos que sofren e non poder facer fronte á súa manutención; “para os pais, é liberarse dunha carga”, explica Mejías. O marabú, un mestre da escola coránica, acolle arredor de 80 nenos nunha daara, que é o nome que designa o espazo no que habitan eses nenos nunhas moi malas condicións. Dormen no chan, non hai hixiene, nin intimidade, e moitas veces son castigados polos marabús. O obxectivo desta convivencia é que os nenos aprendan o Corán, da man do marabú, e a cambio

estes saen obrigados a mendigar ás rúas durante todo o día, tendo que conseguir 80 céntimos. De non facelo, os nenos son expostos a maltrato psicolóxico e físico a través de malleiras, e incluso podendo ser encadeados. Despois de varias viaxes a Senegal, onde tivo contacto con esta realidade, Jose Mejías non o dubidou e quixo formar parte do cambio de conciencia na sociedade senegalesa, polo que promoveu a creación de Hospitaleros sin Fronteras. “Vin todas as necesidades que tiña a poboación e en especial os nenos talibé, que son moi vulnerables, e decidimos que queríamos cambiarlles un pouco a vida, que

médica; e, deses, 48 están escolarizados, e nun futuro queremos ter máis. A través da recollida de fondos, reunimos material médico e escolar para logo viaxar, dúas veces ao ano, a Senegal, onde temos tamén catro colaboradores que están con eses nenos de maneira continua”, explica.

O TRABALLO. Ademais, pon de manifesto a dificultade deste traballo, xa que “para escolarizar a un neno talibé hai que pedir permiso ao marabú e aos pais, que moitas veces o que queren é que o seu fillo aprenda o Corán e volvan ás súas casas a dedicarse á agricultura, á gandería ou á



puidera ser mellor e que puideran ter un futuro. Agora mesmo temos acollidos 140 nenos aos que lles damos comida diaria e asistencia

pesca. Porén, é un traballo satisfactorio, xa que ti ves a evolución deses nenos que van cambiando: pasan de estar mendigando



nas rúas, expostos a atropelos, á morte... e logo están nunha escola. É emocionante cando chegas e te ven e sorrín porque eles valoran a axuda que lles deches. Estou orgulloso do noso traballo porque, falando co director do colexio onde temos escolarizados eses nenos, díxome que os que levamos nós eran os mellores estudantes. E iso tamén é porque lles insistimos moito en que estudar vai promover que teñan un futuro mellor”, emocionase Mejías mentres o relata.

A ONG, EN SARRIA. “Hospitaleros Sin Fronteras é unha ONG que actúa desde Sarria, aínda que os nosos 150 socios son de todas partes. E cremos que a xente de Sarria valora a importancia que ten o noso traballo, xa que os nosos colaboradores de Sarria implícanse nas actividades que realizamos e a sociedade, en xeral, cando volvemos dunha viaxe páranos pola rúa e felicítanos polo labor feito. Síntome moi arroupado pola xente de aquí ao igual que me sinto arroupado

pola xente de Senegal”. Ademais, a xente de Sarria “involúcrase moito durante os mercados solidarios que organizamos”, sostén o presidente da ONG, que pon en valor o Mercadillo Solidario Malicounda Teranga, no que se recadan fondos para poder escolarizar nenos e pagar aos médicos que os atenden. Nesta última viaxe, que foi “moi positiva”, participaron “persoas maravillosas que traballaron moitísimo, xa que ademais de coidar os nenos, visitaron moitas aldeas. Tamén levaron roupa e todo tipo de materiais necesarios para os nenos talibé, así como ferramentas e materiais necesarios para seguir co seu maior proxecto, a casa multifuncional que están construíndo en Malicounda. “Esta consta dunha cociña, dunha aula para ensinar oficios aos nenos talibé, un pequeno dispensario e un dormitorio, no que dormen 20 dos nenos escolarizados; incluso fixemos unhas duchas e aseos para mellorar a calidade da hixiene destes rapaces”, sostén Mejías.

C-27-000501

Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?

TRASTORNOS

• MIOFUNCIONALES • AUDICIÓN

• LENGUAJE ORAL Y ESCRITO

• HABLA • VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria

Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

MOstra de TURISMO DAS CIdADES DO EIXO ATLÁNTICO

EN SARRIA “A VILA DO CAMIÑO”

2, 3, 4 MAIO DE 2025



Con respecto ás viaxes, “dos 150 socios, hai 65 cooperantes que viñeron algunha vez a Senegal e todos eles din que cando viaxas a Senegal tes sentimentos atopados, xa que ves o sufrimento deses nenos que non adoitas ver en Occidente, pero despois sénteste ben por poder axudar a mellorar a súa vida, curando as súas feridas, dándolle unha educación...”, en definitiva, é unha “experiencia de vida” que Jose lle recomenda a todo o mundo vivir unha vez na vida.

O FUTURO DA ONG. “Hospitales Sin Fronteras non podería facer o que fai sen a axuda de todos os nosos socios, polo que para que este proxecto creza, necesitamos que máis xente crea en nós e colabore como socia”, destaca Jose Mejías, que apunta a que o aumento de socios é a necesidade máis importante que teñen para poder manter a ONG nun futuro. Ademais, o tema económico é importante porque “queremos facer un dobre labor: a axuda aos nenos talibé e o apoio ao desenvolvemento do comercio local, polo que, ademais de levar materiais desde aquí, queremos contar con cartos para poder mercar outros materiais alí e colaborar co mer-

cado local”. Aínda así, Jose di entender que á xente “lle custe colaborar economicamente porque as ONGs están miradas con pinzas debido a que sempre houbo fraude”. Con respecto ás institucións, a estas tamén lle piden colaboración: “Necesitamos un vehículo para poder transportar material e mover aos voluntarios dun lado ao outro”. E recoñecen a axuda ofrecida: “O Concello de Sarria cédenos o antigo ambulatorio, onde organizamos as nosas actividades e colaboran con nós no desenvolvemento do Mercado Solidario Malicounda Teranga”.

Finalmente, Jose Mejías só pide un desexo: “Poder seguir escolarizando niños talibé e mellorar a súa vida. Eles viven no chan das daaras e nós proporcionámoslles liteiras, ventás, etc, xa que conviven uns 50 nenos nun dormitorio. Nós temos a sorte de colaborar con marabús novos que cren nun cambio de conciencia para mellorar as daaras e que os nenos non durman no chan, polo que están abertos a que os axudemos. Poder colaborar mellorando as condicións das daaras significa axudar a máis nenos e conseguir escolarizalos e nese camiño estamos”, conclúe.



Aínda se pode visitar en Sarria a exposición 'Pulpezas'

A exposición 'Pulpezas' do artista urbano ourensán Mon Devane, coñecido por ser autor de dous dos murais que adornan as rúas de Sarria, aínda pode visitarse na Antiga Prisión Preventiva ata o 21 de abril.

A mostra ten como protagonista un dos elementos máis característicos do imaxinario de Mon Devane: o polbo.

Segundo o propio autor, Pulpe-

zas é unha reflexión visual sobre esta criatura mariña, presentada como “peza de arte ou rareza saída do imaxinario de Mon Devane”.

Un dos elementos máis distintivos da exposición é un tentáculo de polbo cun aspecto cerámico, sobre o que se interveñen tags propios do graffiti, unha mestura entre a cultura urbana e a artesanía.

A Casa da Cultura acollerá a estrea da serie 'Galicia diversa'



O vindeiro sábado 5 de abril, a Casa da Cultura de Sarria acollerá a estrea pública da serie documental Galicia diversa, da plataforma Agalega.gal da TVG. O proxecto, no que colabora Diversa Infantil, a Plataforma da Diversidade Funcional Infantil da Comarca de Sarria, contou coa participación de varias familias da localidade.

No acto, ás 18.00 horas, intervirán o director da serie, Damián Varela, e o sarriao Manuel Darriba, director e guionista do proxecto. Ademais, tamén toma-

rán a palabra algúns dos protagonistas do programa, que comparten as súas experiencias persoais sobre a discapacidade e a diversidade funcional.

Desde Diversa Infantil, organizadora do evento, fan un chamamento á cidadanía para asistir á presentación deste proxecto tan especial, que ofrece unha ollada sen prexuízos á discapacidade e á diversidade funcional, permitindo sensibilizar e concienciar á sociedade sobre a importancia de incluír e respectar as diferenzas.

AUDÍFONOS SIEMENS
DISCRETOS, VERSÁTEIS, CON PILAS O RECARGABLES

Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

OFRECEMOS LA REHABILITACIÓN AUDITIVA QUE MEJOR SE AJUSTA A TUS NECESIDADES

PRUEBA DE AUDÍFONOS SIN COMPROMISO DE COMPRA
PIDE TU CITA EN: 982 531 191 / 669 548 976

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | audiosarria@gmail.com

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO
isabellimpiezas@gmail.com

A IX Estremonía Cantada foi todo un éxito



A IV edición da Estremonía Cantada que tivo lugar este sábado en Sarria foi todo un éxito de participación, cun total de 16 grupos de música tradicional da provincia de Lugo que sumaron arredor de 200 persoas tocando, ás que se sumaron ás que se achegaron a desfrutar como público.

O evento, organizado polo Concello de Sarria e a Asociación Cultural Peleriños, consistiu nuns cantos de taberna que percorreron 16 establecementos da vila, poñendo a música como eixo central da actividade. "Estamos moi contentos co desenvolvemento desta edición, xa que o tempo axudou e xuntouse moita xente, o que nos pareceu espectacular", explican desde Peleriños.

Así, entre as 18.30 e as 22.30 horas, houbo dúas rutas, a Branco, que contou con Gaiteiros de Goián, Turbotelos, Dakidoasma, Os Bolechas do Sil, Mestura de Nete, Son do Mao, As Cantareiras de Fornelos e Raíñas o lado de; e a Ruta Tinto, na que actuaron Cantareiros do Naval, Os Minitreles, Silbarda, Xampó, Macizas,

Centrais, Os Tabernos, Cantareiros da Unión e Os Parrandas. Ademais dos cantos de Taberna, houbo unha cea na Unión, onde cada grupo tocou unha peza para o desfrute dos demais.

En total houbo 280 persoas desfrutando dunha cea conxunta, na que tamén actuou Cé Orquestra Pantomima, que interpretou unha peza para dar paso a unha foliada aberta.

ACTIVIDADES DE PELERIÑOS.

Ademais da Estremonía Cantada, Peleriños organiza o vindeiro 12 de abril a III edición dos seus Cantos Pequenos, unha iniciativa pensada para achegar a música tradicional á infancia e fomentar a súa participación.

Ademais, en maio estarán na Feria de Antigüidades de Sarria, farán un acto conmemorativo polas Letras Galegas, que este ano se dedican ás cantareiras; e estarán na Festa de Ano e San Isidro de Paradela.

Xa en xuño participarán no San Xoán de Sarria, en xullo terán a súa xuntanza e en agosto farán un intercambio de grupos de música tradicional a Cuenca.

A ANPA do CEIP Frei Luis de Granada organiza unha excursión

A ANPA do Colexio Frei Luis de Granada organiza para o 15 de xuño unha excursión á Mariña Lucense, unha xornada que combinará cultura e diversión para que as familias do centro coñezan esta zona da provincia. A mañá comezará cunha visita ao Museo do Mar, antiga escola indiana que se converteu en museo grazas a un dos seus profesores. Durante a visita, as familias adentraranse na historia baleeira da zona e descubrirán a súa economía pesqueira. A xornada tamén incluírá a visita a un astilleiro local, onde poderán coñecer de preto o traballo dun dos carpinteiros de ribeira máis recoñecidos de Galicia.

A continuación, realizarase un percorrido polo pobo de San Cibrao, onde as familias participarán nun xogo de pistas para coñecer mellor este lugar. Despois, terá lugar unha xincana na area. Xa á tarde desprazaranse ao Laberinto de Rinlo, onde as familias gozarán de diferentes actividades, como minigolf e tiro con arco, dentro do recinto.



A ANPA está a xestionar o desprazamento en autobús e, grazas

aos premios obtidos no Entroido, tamén sufragará unha parte do custo total da actividade.

O obxectivo é que o prezo da excursión sexa o máis económico posible para todas as familias, permitindo que todos poidan gozar desta experiencia única e enriquecedora.

A II Festa do Motor 4x4 da Comarca de Sarria celebrarase o 14 de xuño

Sarria prepárase para acoller a II Festa do Motor 4x4, unha cita que terá lugar o vindeiro 14 de xuño de 2025 e que reunirá a amantes do motor en torno a espectaculares probas de habilidade, velocidade e obstáculos. O evento, organizado polo colectivo Os Carro X Catro, contará con categorías para motos, quads, todoterreos e buggys, e desenvolverase nun circuito deseñado para a ocasión, onde os vehículos poñerán a proba as súas capacidades técnicas e a pericia dos pilotos.

A primeira edición desta festa foi todo un éxito de participación e asis-



tencia con arredor de 70 vehículos que encheron o polígono industrial de O Morelle, onde se instalou un circuito con percorridos de velocidade e obstáculos. Ademais dos participantes, centos de afeccionados

desprazáronse ata o recinto desde distintos puntos das catro provincias galegas e tamén desde Asturias, destacando o bo desenvolvemento das probas e solicitando que se impulsen máis iniciativas deste tipo.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

O PP esíxelle ao Goberno local que reclame máis solo industrial

O Partido Popular de Sarria lamentou a actitude do alcalde, ao que acusan de ser “o único que está a desatender a reivindicación da necesidade de solo industrial” no municipio.

Desde a formación popular critican a “postura cómplice” do Goberno local ante o bloqueo, por parte do Goberno do Estado, da segunda fase do polígono industrial do Morelle.

Os populares instan ao alcalde a sumarse á reclamación de máis solo industrial que permita a implantación de novas empresas en Sarria, co obxectivo de xerar emprego e asentar poboación.

“Mentres outros concellos da provincia como Rábade, Ribadeo ou Monforte están a velar polo crecemento económico e laboral mediante a creación de solo industrial e a bonificación do seu prezo, o goberno de Camiña Sarria parece alleo a unha necesidade urxente para o noso concello”, denunciou a voceira do PP, Carmen José López.



López subliña que Sarria é un dos municipios con maior necesidade de solo industrial, e acusa ao rexedor, Claudio Garrido, de ser cómplice do “bloqueo do SEPES ao desenvolvemento empresarial e industrial da localidade”.

A voceira lembra que en varias ocasións o Partido Popular levou iniciativas ao Pleno para esixir ao Goberno central avances na segunda fase do polígono do Morelle, sen contar co apoio do goberno local, que “sempre puxo

escusas e mostrou reticencias”. “É inasumible que o alcalde, que debería ser o principal interlocutor das necesidades do municipio, prefira gardar silencio mentres empresas de Sarria se ven obrigadas a marchar a outros municipios que si dispoñen de solo industrial para medrar, tendo en conta o potencial de crecemento de Sarria, un municipio que sempre se caracterizou polo seu espírito emprendedor”, concluíu a voceira popular.

Sarria Bikers organiza a III Concentración Motera



O ruxido dos motores volverá sentirse en Sarria do 9 ao 11 de maio de 2025 coa III Concentración Motera de Sarria, organizada polo club Sarria Bikers.

O evento dará inicio o venres 9 de maio coa apertura de inscricións, seguida dunha pancetada e o concerto do grupo Malenne, pechando a noite co DJ Cendoí.

O sábado 10 de maio, a xornada arrancará cun almuerzo e unha ruta libre con petiscos. Ao mediodía, a música tomará protagonismo coa Mekanika Rolling Band na sesión

vermú. Pola tarde, haberá xogos moteiros e a exhibición do porco mecánico, ademais dun espectáculo de acrobacias a cargo de Acuko Stunt Rider no Campo de A Ribela.

A xornada culminará cunha emotiva Ruta de Fachos en memoria dos moteiros falecidos, a cea no pavillón e o concerto do grupo Claxxon, seguido novamente de DJ Cendoí. O evento pechará o domingo 11 de maio con máis rutas, sorteos e agradecementos, concluíndo co xantar de despedida no pavillón.



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
!!OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familiar de 2 personas a 8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Balas Sarria
Tfno.: 982 012 026

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

TAPERIA | JATO

✓ Raciones a medida
✓ Comidas por encargo

COMIDA PARA LLEVAR
AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528



“O noso obxectivo é que a xente o pase a metade de ben que nós”

Os oito integrantes do grupo de música Louband de Sarria poñen en valor o seu estilo dinámico, así como ao público como parte das súas actuacións

Jessica Fernández

A Louband de Sarria, con 8 anos de traxectoria, converteuse nun referente da música en directo en Galicia grazas aos seus concertos cheos de enerxía, paixón e o seu amor pola música, que fai vibrar ao seu público. A historia de Louband comeza en 2017, cando un grupo de músicos, procedentes en gran parte da Charanga Madia Leva, decidiron dar un xiro á súa carreira musical. “Ao principio, gran parte da formación saímos da Charanga Madia Leva, que, cando rematou o proxecto, montamos outro grupo, levándoo cara a algo máis eléctrico e con outro repertorio de música mesturándoo con estilos como o *ska*, *reggae*, *punk*, etc., e con carácter vogal”, explican. A idea foi crear algo diferente, cunha identidade propia, sen perder de vista as súas raíces e a esencia da música en directo.

Foi entón cando, grazas aos seus vínculos coa Asociación Rúa da Música, decidiron dar forma ao proxecto que hoxe coñecemos como Louband. “Xa coñecíamos a outra xente da Asociación Rúa da Música e decidimos formalo no ano 2017, aínda que fixemos a nosa estrea a principios de 2018”, engaden con entusiasmo.

A banda está composta por un equipo de músicos que non só comparten a paixón pola música, senón tamén unha forte conexión persoal, como son Jesús Álvarez (guitarra e voz), Hernán Colantuono (baixo eléctrico), José Antonio Salvador (batería), Gerardo Fernández (saxofón alto), Manuel Doel (saxofón tenor), Martín Vázquez (trombón), Iñaki López (piano e voz) e Gonzalo López (técnico de son, iluminación,

redes sociais...). “Somos coma unha familia. Axudámonos, xa que compartimos a música, pero tamén as vivencias. Un dos nosos valores é que temos moito amor polo que facemos e apostamos por facer música en directo e co noso selo propio”, comentan os integrantes da banda, subliando o importante que é para eles o compañeirismo e o ambiente familiar que se respira en cada ensaio e actuación.

DE SARRIA PARA O MUNDO. Desde os seus primeiros concertos en

toda Galicia, Asturias, León, fomos ata Navarra, Madrid... Estamos moi contentos”, relatan os membros da banda, satisfeitos co percorrido realizado ata o momento.

“Adoitanos definirnó como unha *street band* de animación de rúa cun formato máis eléctrico, cun repertorio moi amplo. Non temos só un estilo de música, tocamos diferentes xéneros e temas coñecidos. O que nos diferencia é a interacción co público e a diversión que transmitimos”, explican. Ademais, o público responde con gran entusias-



Sarria, a Louband foi medrando pouco a pouco, abríndose camiño non só en Galicia, senón tamén no resto de España. “Foi algo orgánico, pouco a pouco. Comezamos en Sarria e fomos abríndonos camiño para que nos fose coñecendo máis xente. Onde íamos, adoitabamos repetir. Así, fomos tocando por

mo, xa que para os integrantes da banda, o público non é só un espectador máis, senón un compoñente esencial do espectáculo, que participa activamente en cada concerto. “En realidade, o público é un integrante máis do *show* que facemos, a base de cantar, moverse, bailar, interactuar. Roza o aspecto teatral,



un espectáculo con base musical. O noso obxectivo é que a xente o pase a metade de ben que nós”.

Contan moito con nós”, aseguran os membros da banda, agradecidos polo apoio da comunidade local.

OS PROXECTOS. Este ano, a banda ten preparadas varias actuacións en festivais e eventos importantes. Participarán na Feira do Viño de Sober, nun festival no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo sobre grupos tributo, e tamén no Festival de Rock de Rianxo. “Adoitanos ir ao vermullo da Fraga, onde se xuntan 5.000 persoas; ou ao Festival de Rock de Rianxo; e logo a festas e festivais por Pontevedra, A Coruña, León, Lugo... Nos festivais grandes o que facemos é animación de rúa previa á entrada da xente ao festival, e tamén fixemos actuacións entre os cambios de escenario de grupos grandes. Aínda que os nosos eventos favoritos son as festas de Sarria porque é como xogar na casa”, comentan con agarimo.

A Louband segue tendo unha conexión especial con Sarria, onde sempre se senten como na casa. “Gústanos tocar na nosa casa en Sarria, xa que actuamos en eventos como o San Xoán, a Noite Meiga, festivais como o Sarria Blues, A Verbeña Fest, o Garitosis, ou en festas de parroquias ou eventos de La Unión.

O FUTURO DA BANDA. A pesar do seu éxito e a cantidade de actuacións que realizan anualmente, os integrantes do grupo musical non teñen grandes demandas. “Non temos ningunha reclamación. Valoramos positivamente a colaboración de todas as institucións, xa sexan concellos ou deputacións”, aseguran. De feito, destacan que, desde a pandemia, realizaron máis de 100 actuacións ao ano, o que lles permite manterse a flote e continuar co seu proxecto. “Págannos unha cantidade que nos permite costear as viaxes, os instrumentos, o tempo de ensaios, etc.”, explican.

Mirando ao futuro, os membros de Louband manteñen unha visión tranquila, pero cunha gran ilusión por seguir crescendo. “Esperamos no futuro seguir como ata agora, e como única ilusión temos poder sacar un *single* en poucos meses, así como facer cancións propias, pero sen presións; participando no que poidamos, ensaiando e traballando”, conclúen, mostrando unha vez máis a súa paixón polo que fan e o seu compromiso coa música.

OSCAR
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES



Alquiler de Vehículos en Sarria

VEHÍCULOS INDUSTRIALES



DESDE 36€ /DÍA

TURISMOS



DESDE 30€ /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS



DESDE 90€ /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

NOPER CAR

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

O PROXECTO DE VOTORANTIM

Votorantim Cimentos presenta o seu proxecto para producir combustibles sólidos recuperados

Desde a Área de Sostibilidade din que "grazas a este proxecto podemos dar unha segunda vida a uns materiais que irían parar ao vertedoiro"

A cementeira
de Oural
que naceu
en 1962
promoveu
o crecemento
económico
da comarca
de Sarria

Sarria foi o escenario elixido por Votorantim Cimentos, a empresa propietaria da fábrica de cemento de Oural, para presentar o seu novo proxecto.

Veciños do entorno e representantes das administracións locais e comarcais amosaron o seu interese pola nova planta que se instalará en Oural para producir combustibles sólidos recuperados (CSR) a partir de residuos que xa non se poden reutilizar nin reciclar. O proceso consiste na clasificación e trituración de materiais procedentes doutras industrias, nun 90 % plásticos, madeira e cartón.

Para levar a cabo esta iniciativa, a compañía investirá 12 millóns de euros.

"Grazas a este proxecto – comentou a directora de Sostibilidade da compañía, Carmen Boulet– podemos dar unha segunda vida a uns materiais que irían parar ao vertedoiro e que, porén, se poden aproveitar como combustible debido ao seu poder calorífico, aplicando o principio de economía circular. Esta premisa é imprescindible para descarbonizar a actividade da industria e loitar contra os efectos do cambio climático".

Os residuos que se van reciclar para transformalos en combustibles procederán da industria galega. Actualmente, o 14 % dos residuos industriais desta comunidade autónoma acaban no vertedoiro, polo que esta iniciativa supón unha solución segura, eficiente e medioambiental.

Durante a xornada, Boulet destacou que Votorantim Cimentos é unha empresa de materiais de construción e solucións sostibles con orixe e sede en Galicia e que unha das prioridades sempre foi apostar por esta rexión, fomentando o emprego de calidade e a riqueza nas zonas onde se asentan as súas instalacións. De feito, ademais da



fábrica de cemento de Oural, conta con 10 plantas de formigón (Lugo, Pontevedra, A Coruña e Ourense); unha de morteiro na Coruña e cinco puntos de distribución (A Coruña, Pontevedra e Ourense) e cinco explotacións de áridos (A Coruña, Lugo

AENOR N Sostible. Esta marca é a primeira certificación no noso país que avala que un produto é sostible desde un enfoque ASG (Ambiental, Social e de Gobernanza). Ademais, a compañía acaba de presentar a súa nova marca de cemen-



e Pontevedra). A cementeira de Oural iniciou a súa actividade en 1962 e foi a responsable do crecemento e desenvolvemento económico da comarca de Sarria. Co seu cemento, construíronse as principais obras emblemáticas, infraestruturas e edificios, como o Auditorio, o Museo Interactivo da Historia ou o Pazo de Feiras e Congresos, así como a ponte sobre o río Miño, en Lugo; o hospital de Ourense, os centros comerciais Nasas Nigrán e Vialia, ou as naves industriais da Organización de Palangreiros de A Guarda e de Frioya (Chapela-Pontevedra), entre moitas outras. Ademais, os seus formigóns abasteceron a extensión do AVE cara ao noroeste peninsular. Todos os cementos fabricados en Oural, así como no resto das fábricas de Votorantim Cimentos en España, contan co certificado da Marca

tos e formigóns, Blenture, deseñada para reducir as emisións de CO2 e promover unha construción máis sostible. Os cementos e formigóns agrupados baixo este selo ofrecen solucións competitivas para un gran número de aplicacións, mantendo as prestacións habituais de calidade, resistencia e rendemento, cun 30 % menos de pegada de carbono.

VALORIZACIÓN ENERXÉTICA

Para fabricar os seus produtos, as cementeiras precisan gran cantidade de combustible. O tradicional adoita ser un derivado do petróleo denominado 'coque'. Co paso do tempo e en liña coa súa estratexia de sostibilidade, Votorantim Cimentos foi substituíndo unha porcentaxe do coque de petróleo por outros

combustibles alternativos, como os que se producirán na plataforma que está proxectada en Oural. A valorización enerxética é unha práctica probada nos países máis avanzados de Europa en canto a protección ambiental con máis de 50 anos de experiencia.

Actualmente, máis de 160 fábricas de cemento en Europa valorizan residuos e a Comisión Europea considera que o uso de combustibles procedentes de residuos nas fábricas de cemento é unha das mellores técnicas dispoñibles. Esta experiencia europea confirmou que o uso de combustibles derivados de residuos en substitución do coque de petróleo non modifica as emisións das fábricas de cemento e, polo tanto, non xera riscos engadidos sobre a saúde das persoas e o entorno. Durante a xornada, o director da Fundación CEMA (Fundación do Cemento e o Medio Ambiente), Dimas Vallina, presentou a evidencia científica que certifica que o uso de combustibles alternativos en plantas cementeiras non supón riscos para a saúde nin para o desenvolvemento económico e social do entorno das plantas.

"Os estudos realizados tanto a nivel internacional (Axencia ambiental de Inglaterra e Gales, Universidade de Lisboa, Universidade de Xénova, Instituto Canadense de Toxicoloxía, entre moitos outros), como nacional (CSIC, as universidades de Alacante e Universidade Rovira i Virgili de Tarragona...), avalan que o uso de combustibles derivados de residuos non implica ningún risco ambiental nin de saúde engadido respecto ao uso de combustibles tradicionais", asegurou Vallina.

Valoran o gasto da Xunta en tres estradas de Sarria



O Grupo Municipal do Partido Popular de Sarria destacou o investimento de máis de 1 millón de euros da Xunta de Galicia para a mellora de tres estradas de titularidade autonómica (LU-536, LU-636 e LU-622) que rexistran un "especial tránsito" no municipio. Os populares trasladaran a conveniencia de actuar sobre estas vías nunha reunión entre a voceira, Carmen José López, o delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias; o director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na provincia de Lugo, Marco Antonio Fernández; e o xefe do servizo da Axencia Galega

de Infraestruturas nesta provincia, Gerardo Pallares. Tras a publicación da licitación o pasado 21 de marzo, López analizou con Pallares as actuacións previstas, que comprenden o fresado localizado, posterior reposición e capa de rodadura na LU-536, para o que a Xunta reserva máis de 433.000 euros; o fresado en toda a plataforma e posterior reposición na LU-636, cun investimento superior aos 435.000 euros; e o estendido dunha capa de rodadura na LU-622, cunha achega de 282.000 euros. A portavoz valorou positivamente estas obras para o municipio.

Organizan o II Encontro Máxico no Rural polas parroquias de Sarria

Sarria volve converterse nun referente da maxia con motivo da celebración da segunda edición do Encontro Máxico no Rural, un evento que ten como obxectivo achegar a cultura e o espectáculo a todas as parroquias do municipio. Despois do éxito rotundo da pasada edición, este ano o evento amplíase a seis novas parroquias, o que permitirá que máis veciños e veciñas disfruten desta máxica experiencia en familia. Así, os días 12 e 13 de abril, recoñecidos ilusionistas como Iago Saavedra, Mago Iago, Roberto Lolo, Sara Rodríguez e Nacho Nogueira percorrerán as parroquias de Loureiro, Chorente, Betote, Manán, Goián e Vilar de Sarria, levando a maxia a todos os recunchos do concello. O II Encontro Máxico no Rural preséntase como unha opción de



entretemento de calidade e reforza o compromiso do Concello de Sarria coa descentralización da cultura. A través deste evento, as artes escénicas chegan a parroquias máis afastadas, garantindo que a maxia sexa accesible a todos os recunchos do municipio. Organizado polo Concello de Sa-

rria e coordinado por Roberto Lolo, este encontro promete sorprender e emocionar aos asistentes, consolidándose como unha cita imprescindible no calendario cultural do municipio. A maxia, a ilusión e a diversión están aseguradas para todos aqueles que se acheguen a este evento único e especial.

O poemario 'Amor(Exia)' presentarase no Xarope

Este sábado, 5 de abril, presentarase no Bar Xarope o poemario de María Barrado García 'Amor(Exia)'. O acto será a partir das 20.00 horas e contará coa presenza da autora, acompañada do poeta Xosé Casar. Ademais, o evento contará coa actuación musical de Proyecto Valley. O poemario 'Amor Exia' é unha

composición de poemas que xorden nun momento da vida persoal da autora, que pasou da ansiedade á depresión. O título é "un xogo de palabras, unha mestura entre o amor por unha mesma; e 'Exia' pola anorexia. Ao final, o que saca unha de todas esas malas experiencias é o amor por unha mesma".

Xa está aberto o prazo para participar na Feria de Antigüidades

O Concello de Sarria abriu o prazo de inscrición para os expositores interesados en participar na vixésimo sétima edición da Feira de San Lázaro de Antigüidades e Restauración, que se celebrará os días 3 e 4 de maio. Os interesados poderán presentar a súa solicitude ata o 8 de abril. A feira desenvolverase na Rúa Porvir, con horarios de apertura de 11.00 a 14.30 e de 16.00 a 20.30 horas. A asignación de espazos será determinada

exclusivamente pola organización do evento, asegurando unha distribución óptima para a circulación do público. Segundo as bases do evento, os artigos en exhibición deberán ter unha antigüidade mínima de 50 anos. Aqueles obxectos que non cumpran con este requisito deberán contar cunha declaración que certifique o seu valor como peza de anticuario ou *vintage*. Xa están a traballar na programación da feira, a cal incluírá

actividades complementarias como exhibicións, obradoiros e espectáculos temáticos. Ademais, o evento desenvólvese durante a fin de semana na que tamén se celebrará en Sarria a Expocidades, a feira turística do Eixo Atlántico, que este ano leva por nome En Sarria "a vila do Camiño" así como tamén terá lugar a Pretorian Race Sarria Extreme e o III Rally de Regularidad Vila de Sarria do Club Clásicos.



VAMOS A CONSEGUIR TU MEJOR SONRISA

¿QUIERES ALINEAR TUS DIENTES Y MEJORAR TU SONRISA?

Con la ortodoncia invisible es posible de una forma muy cómoda y discreta. ¡PIDE TU VALORACIÓN CON NUESTRO ESPECIALISTA SIN COMPROMISO!

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218




O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696




RESTAURANTE A CARBALLEIRA DE REBOLEIRA
LEÑA Y CARBÓN

MAESTROS DE LA PARRILLA

Instagram: a.reboleira.restaurante
San Martín de Río Lencara
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

 Casa de Río Padron





982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA (Lugo)

A Pulperia de Luis




RIO LOYO
Restaurante



Mesón O Castro



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tlf. 982 041 697






Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003
Instagram: Catering_meson_a_pontenova
Facebook: Meson pontenova






A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 16 - info@fervenza.com
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones




“Ofrecemos calidade e unha atención continua ao cliente”

Emilio No, Marisa Pérez e Adrián No, xerentes do negocio Novoauto, poñen en valor a importancia de ofrecer un servizo de mobilidade para a veciñanza

Como xorde o negocio?

Novoauto é unha empresa familiar que xorde en 1999 despois de anos de traballar no sector do automóbil. Comezamos con Seat e en 2014 fixemos unha ampliación xeral das nosas instalacións, incorporando Audi, Volkswagen, Cupra e Ford.

Cales son os obxectivos?

No momento no que comezamos na comarca de Sarria había unha parálise de marca Seat, polo que decidimos dar un servizo que non había. Na actualidade, temos unhas amplas e modernas instalacións. Dispoñemos de equipos dixitais, máquinas de última tecnoloxía, como sistemas de calibración de radares e cámaras, cargas de aire... Pero, sobre todo, contamos cun equipo de grandes profesionais cualificados e formados para poder ofrecer o mellor aos nosos clientes.

Que traballo se fai no taller?

Traballamos 12 persoas repartidas en varios departamentos: administración, venda e reparación de vehículos. En canto ao taller, temos zonas diferencias: servizo rápido de posvenda, mecánica e carrocería. Esta última, aínda que está integrada, diferénciase en dúas zonas: a de chapa e pintura. Tamén que temos colaboración con importantes compañías de seguros, como Reale, Zurich, Allianz, Mapfre... E, se o cliente nolo pide, concertamos cita e levamos o seu vehículo á ITV para poder ofrecerlle o mellor trato e servizo.

Como é o servizo de venda de coche?

Con respecto á venda, ofrecemos vehículos novos das nosas marcas, facilitando a proba na estrada, o asesoramento do modelo que lle vai mellor a cada persoa, así como xestionamos

o financiamento do coche se o cliente o demanda. Dispoñemos de coches de km0 e vehículos de xerencia con garantía de 5 anos por parte do fabricante con prezos moi competitivos. En canto aos vehículos de ocasión, ofertamos coches de menos de 100.000 quilómetros e menos de 6 anos.

Están agora na expansión do seu negocio a través do coche de alugueiro.

O tema do alugueiro de vehículos xorde en xuño de 2024 porque cremos que hai unha necesidade na zona, xa que ninguén ofrece ese servizo. Creamos a empresa Nopercar S.L., co apoio e colaboración do nosos fillos, e sumámonos á franquía danesa OSCAR para ofrecer o alugueiro de coches en Sarria. Contamos con 25 coches de diferentes modelos, como utilitarios, medianos e alta gama. Dispoñemos tamén de 3 furgonetas de carga comerciais e 2 monovolumes de 9 prazas. O obxectivo é que o cliente teña a posibilidade de solucionar as súas necesidades de traballo e de ocio de forma sinxela e cuns prezos económicos, xa que podes alugar un coche desde 30 euros ao día e con 200 km de autonomía incluídos. Ademais, o alugueiro pode facerse directamente na aplicación de OSCAR ou ben vindo ás nosas instalacións na que as atenderá unha persoa.

Como valoran este primeiro ano?

Pois chámamos a atención a diversidade de clientes que temos, xa que os vehículos que nos demanda o público é o moi diverso. Pídenos monovolumes para via-



xes longos, vehículos particulares porque ao cliente se lle avariou o coche ou porque é moi vello e queren viaxar cun vehículo máis novo... Tamén nos alugan coches persoas que veñen de vacacións a Sarria e peregrinos que queren coñecer a zona, sobre todo para visitar a Ribeira Sacra. Tamén clientes de empresas e de institucións para utilizar no día a día. A verdade é que en menos dun ano xa temos clientes satisfeitos que repiten e a día de hoxe xa contamos con reservas para o verán. De feito, xa o temos bastante cheo.

En xeral, como é o trato co cliente?

O trato co cliente é moi próximo, que é o que nos diferencia; xerar confianza e estar cada día cos nosos clientes, implicándonos en todo o proceso de venda, reparación ou alugueiro dun vehículo. Por iso, temos unha clientela moi fiel entre a que destaca a que renovou varias veces o coche con nós ou as familias que apostan por mercar todos os seus vehículos en Novoauto. Ademais, non só temos clientes da comarca, veñen moitos de Monforte, de toda a provincia de Lugo e outros que viven fóra.

Patrocinan eventos na comarca de Sarria?

Colaboramos en moitos eventos da comarca, así como cos equipos de deporte local, o fútbol sala, balon-

cesto... Somos patrocinadores das categorías da canteira da SD Sarriana, a Pretorian Race, o Club Clásicos Sarria, os torneos de fútbol que se fan na Ribela...

En canto ao futuro, como ven o negocio e, en xeral, o sector do automóbil?

Con respecto ao sector, agora mesmo está nun momento difícil porque estamos experimentando un cambio global cara aos modelos eléctricos, e ademais cada vez hai máis dificultade para incorporar novas persoas cualificadas. No noso caso, volvo sinalar que temos sorte de contar cun equipo consolidado e forte de moitos anos, así como tamén somos afortunados por incorporar xente nova que aportan cousas novas a nosa empresa. Ademais, estamos moi ben posicionados porque ofrecemos un servizo de calidade, xa que cos vehículos que vendemos contan coa garantía das marcas. A xente non se dá conta dos riscos que ten comprar un coche de segunda man sen garantías e sen contar con ninguén que che resolva o problema. Nós pretendemos estar sempre ao lado do cliente, ofrecendo un servizo de calidade. Así, o noso obxectivo de futuro é seguir posicionados e de maneira ascendente, contando sempre co apoio do noso gran equipo de traballo.



DEPUTACIÓN

O Pleno aproba o reparto dos cartos do Plan de Cooperación cos concellos

O Pleno aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar con cargo ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, que nesta anualidade conta con 22 millóns de euros de fondos da institución provincial. Deste xeito, o Goberno provincial sacou adiante a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta 25 millóns de fondos públicos no tecido socioeconómico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que suman case 3 millóns.

Destacou o presidente da Deputación, José Tomé Roca, que é o quinto ano consecutivo que esta ferramenta se aproba no primeiro trimestre do ano, permitindo así aos concellos planificar as súas accións, traballar con máis previsión, aproveitar mellor os recursos e dar unha resposta máis áxil aos veciños e veciñas. Incidiu á entrada do Pleno que é un instrumento de cooperación que garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos con “criterios obxectivos e equitativos”.

A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, explicou que os concellos presentaron as súas propostas para investir estes fondos da institución provincial aos diferentes programas: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo do emprego; actividades culturais; actividades deporti-



vas; actuacións e eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

Nas peticións das entidades locais teñen prioridade os investimentos, aos que deciden dedicar máis de 16,5 millóns -case o 70% do total dos fondos-, para acometer 324 obras e subministracións; seguido da creación de emprego, á que destinan algo máis de 3,6 millóns cos que crearán 282 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que os concellos de menos de 20.000 habitantes reciben 3,3 para atender a unhas 2.000 persoas.

ORZAMENTO. Na sesión tamén se lle deu o visto bo a unha modificación do Orzamento da Deputación de Lugo para este ano 2025, mediante Transferencia de Crédito e Suplemento de Crédito, precisamente para poder materializar o

Plan Deputación. A Deputada de Economía, Recadación e Facenda, Carmela López, detallou que coa Transferencia de Crédito, se modifican as partidas orzamentarias que estaban consignadas inicialmente no Presuposto para adaptalas ás necesidades manifestadas polos concellos. E, por outra banda, co Suplemento de Crédito, incorpóranse aos Orzamentos algo máis de 10,4 millóns de euros, o que permite que a dotación económica do Plan Deputación deste ano acade os 22 millóns.

Así mesmo, acordouse a incorporación de máis 19 millóns de remanentes ao orzamento deste ano 2025 para “a amortización da débeda con 6 millóns de euros e lograr a débeda cero, algo moi importante, pero tamén para seguir reforzando a cooperación da Deputación cos concellos, e o apoio ao tecido social e económico da nosa provincia, para que poidan manter ou impul-

sar novas accións que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar dos veciños e veciñas, así como á dinamización da actividade económica e do emprego”, detallou López, ao tempo que concretou a que estes fondos “irán destinados a distintos eidos que consideramos fundamentais para o noso territorio, como son as estradas, a cultura, a mocidade, o deporte, o medio rural, o turismo, a atención á cidadanía e as transferencias ós concellos”. O voceiro popular, Antonio Ameijide, denunciou que con este Plan Deputación PSOE e BNG “poñen a dieta a máis da metade dos veciños da provincia xa que a realidade é que o plan baixa os recursos a 32 concellos da provincia e conxélaos para case todos excepto 4”.

CONDONACIÓN DA DÉBEDA. Ademais, na sesión plenaria tamén saíu adiante unha moción do Grupo Provincial Socialista instando á Xunta de Galicia a aceptar a oferta de condonación da débeda feita polo Goberno de España, cos votos a favor de socialistas e nacionalistas e cos votos en contra dos populares. Esta medida permitiría reducir a débeda pública galega en 570 millóns de euros, liberando recursos que poderían destinarse á mellora dos servizos públicos, incluída a sanidade. Tamén se aprobou unha moción do BNG en apoio á mobilización nacional convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do 6 de abril en Compostela.

Uns 132 colectivos foron aceptados para participar no programa Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo vén de publicar no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a listaxe definitiva de entidades admitidas na quinta edición do programa Coñece a túa provincia. Un total de 132 colectivos foron aceptados para participar nesta iniciativa de viaxes gratuítas e destinada a entidades sen ánimo de lucro con sede en algún dos 67 concellos da provincia.

Desde a súa posta en marcha no 2021, esta iniciativa permitiu que preto de 10.000 persoas viaxasen pola provincia, pertencentes a 438 colectivos. Ademais, xerou un impacto económico superior aos 600.000 euros. Nesta quinta convocatoria, o programa ofrece un total de 3.036 prazas, mentres que outras 201 entidades quedaron en lista de agarda. Pola contra, 37 solicitudes foron excluídas por non cumprir cos requisitos da convocatoria.

O programa Coñece a túa provincia, impulsado pola Deputación de Lugo, ten como obxectivo fomentar o coñecemento da riqueza patrimonial entre os propios veciños e veciñas da provincia. Ademais, busca incentivar o turismo de proximidade e apoiar aos sectores hostaleiro, turístico e comercial.

Este programa supón unha importante oportunidade para que os veciños da provincia coñezan mellor o seu propio territorio e poidan contribuír á dinamización do turismo e da economía local.

Abre o prazo do programa Da Escola á Granxa

O BOP publicou a convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva do programa Da Escola á Granxa da área de Rural da Vicepresidencia, que financia actividades educativas en granxas, producións agrarias e proxectos de emprendemento no rural.

A convocatoria, que conta cun orzamento de 200.000 euros, está aberta a asociacións de nais e pais de centros de educación infantil e primaria, que recibirán achegas de ata 1000 euros -100 máis que o ano pasado- para financiar o custo da actividade e o desprazamento ata as granxas e producións agroalimentarias que elixan entre as 45 participantes.

O programa ampliou e diversificou un ano máis a súa proposta educativa coa incorporación de 13 granxas novas respecto á última edición, a maioría delas proxectos familiares, que teñen en común a aposta pola diversificación produtiva e pola produción ecolóxica.

O deputado de Rural Daniel García agradeceu “as granxas participantes a súa implicación en deseñar as actividades para os nenos e as nenas que as visitan, mostrándolles a importancia do sector primario na produción de alimentos e na conservación do territorio”.

O prazo para presentar as solicitudes está aberto ata o luns 21 de abril.

FORMACIÓN



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto á deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, entregou no salón de actos do Pazo de San Marcos os diplomas a 133 empregados e empregadas públicos da propia institución e de 38 concellos que completaron os cursos do Plan de Formación Continua 2024. A Deputación organizou 20 accións, con máis 800 diplomas expedidos. O Plan Agrupado de Formación Continua 2024 incluíu accións centradas nos recursos humanos, transparencia e bo goberno, novas tecnoloxías, políticas de igualdade, procedementos xurídicos, atención ao cidadán, saúde laboral ou urbanismo e medio ambiente.

COMARCA

A Fapacel reclama melloras nos comedores escolares da provincia



Representantes da Federación Provincial de ANPAS de Centros Públicos de Lugo (Fapacel) reuníronse co xefe de servizo de Comedores Escolares do Departamento Territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional de Lugo para trasladarlle unha serie de queixas recollidas das ANPAS en relación ao funcionamento deste servizo, instando á súa pronta resolución. Entre as principais demandas expostas destacaron a insuficiencia do orzamento destinado aos comedores escolares, a falta de información facilitada ás familias sobre os menús e a necesidade de regularizar a situación do persoal voluntario colaborador. Tamén se reclamou a aprobación e cumprimento de protocolos de comedor en todos os centros, así como a adaptación dos menús ás necesidades específicas do alumnado, prestando especial atención ás intolerancias e alerxias alimentarias.

Do mesmo xeito, solicitouse que as quendas de comedor teñan unha duración axeitada.

Ademais, a Fapacel insistiu no valor pedagóxico que debe ter o comedor escolar, defendendo que se converta nun servizo universal e gratuito ao que poida acceder todo o alumnado. Tamén fixeron fincapé na importancia de que os produtos empregados sexan de proximidade, asegurando así unha maior calidade e contribuíndo ao desenvolvemento da economía local.

O responsable de comedores recolleu as reivindicacións e manifestou a súa vontade de traballar na busca de solucións, comprometéndose a manter á Fapacel informada sobre os avances neste proceso.

A Federación comprométese a seguir atenta e insistindo na necesidade dun servizo de comedor de calidade, de xestión directa e gratuito para todo o alumnado do ensino público da provincia de Lugo.

José Tomé e Iván Castro optan á dirección do PSOE na provincia

O Comité Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo aprobou as bases e o calendario do 5º Congreso Provincial Ordinario, que terá lugar o vindeiro 10 de maio na cidade de Lugo. Esta cita congresual marcará un momento clave para o socialismo lucense, consolidando o proxecto do partido na provincia e reforzando a súa estrutura para afrontar os retos dos próximos anos.

Toca renovar a dirección do partido e para iso José Tomé Roca, presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte de Lemos, confirmou a súa precandidatura á reelección como secretario Xeral do PSdeG na provincia. Con ampla traxectoria institucional e orgánica, reafirma o seu compromiso cun partido forte, unido e centrado en defender os intereses da provincia fronte a un Partido Popular que só mira polos seus propios intereses, esquecendo as necesidades da xente.

José Tomé Roca afronta esta nova etapa coa ilusión de seguir fortalecendo o proxecto socialista na provincia, escoitando á militancia e respondendo ás necesidades de todos os sectores produtivos e sociais que fan de Lugo unha terra con futuro. Subliña que a unidade e a fortaleza do partido son claves para garantir un mellor posicionamento na defensa dos servizos públicos, do benestar da cidadanía e do desenvolvemento económico da provincia. “Nós traballamos por máis sanidade, máis emprego, máis industria”, sinalou, en clara referencia á falta de compromiso do PP cos sectores estratéxicos da provincia de Lugo.

O seu proxecto para o PSdeG en Lugo pasa por manter e ampliar as alcaldías socialistas, recuperar as perdas e renovar o Goberno da



Deputación. Pero o obxectivo vai máis aló: conseguir un cambio real na Xunta de Galicia e garantir a continuidade dun goberno progresista en España que poña ás persoas no centro da política.

Para iso, Tomé aposta por reforzar as agrupacións locais, dotalas dos recursos necesarios e darlles máis protagonismo, tanto cando gobernan como cando están na oposición. A súa proposta inclúe un maior peso dos asuntos comarcais e provinciais dentro da Executiva do partido, apostando pola participación, a coordinación e a acción política efectiva.

Tomé Roca defende unha Galicia e unha provincia de Lugo que aposte pola reindustrialización sostible, a innovación e a creación de emprego de calidade, fronte a un PP que só se preocupa por manter os seus privilexios. “Mentres eles se dedican ás fotos e aos banquetes, nós traballamos para que Lugo teña un futuro con máis oportunidades para todos e todas”, asegurou.

A ALTERNATIVA. Iván Castro, deputado provincial e portavoz socialista



en Paradela presentou pouco despois a súa precandidatura.

Castro presentaralle á militancia da provincia un programa baseado en “devolverlle a ilusión á militancia. Apostamos por un proxecto renovador que conte con todas e con todos, con humildade, traballo e proximidade aos concellos.”

Xunto a el están Mayra García Bermudez, ex-alcaldesa de Trabada, Juan José Díaz Valiño, exsecretario de organización provincial, José María Arias, alcalde de Castroverde, Marisol Morandeira, alcaldesa de Guitiriz, José Fernández, alcalde de Navia, Judith López e Alba Sinde portavoces no Concello do Saviñao e Castro de Rei respectivamente, David Rodríguez, Secretario de Organización do PSdeG en Monterroso, tamén o acompañou a Secretaria de Organización das Xuventudes Socialistas de Lugo Elena Cordero.

Iván Castro presenta unha candidatura na que conflúen compañeiros e compañeiras que ostentan responsabilidades de goberno como alcaldes e alcaldes, pero tamén a moitos portavoces en concellos onde o PSOE está na oposición.

A Xunta achega 56.610 euros para programas de incorporación social

O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, e a presidenta da Asociación Aliad-Ultreia de Lugo, María Barba Núñez, asinaron un convenio de colaboración polo cal a Xunta de Galicia achega 56.610 euros para apoiar programas de incorporación social destinados a pacientes con trastornos adictivos.

Este acordo permitirá que a asociación Aliad-Ultreia continúe co seu traballo de apoio integral, que o pa-

sado ano beneficiou un total de 222 persoas, das cales 195 eran homes e 27 mulleres.

Os programas de incorporación social desenvolveranse a través do Programa de Atención Xurídico Social, enfocado na atención integral das persoas con trastornos adictivos e problemática legal engadida. Este servizo proporciona axuda técnica en trámites xurídicos e é prestado polos profesionais dos diferentes dispositivos da asociación.

A Xunta de Galicia destinará en 2025 un total de 447.000 euros ao desenvolvemento deste programa en toda a comunidade. Segundo o convenio asinado, Aliad-Ultreia comprométese a seguir as directrices do Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, coordinándose con outros centros, servizos e programas incluídos no Plan de Galicia sobre Drogas.

maderasgrandas

MADERAS Y DERIVADOS
PUERTAS
ARMARIOS
COCINAS Y COMPLEMENTOS
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

A Deputación de Lugo venderá un lote de parcelas en Paradela

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo iniciou o procedemento para a venda dun lote de parcelas de 14.000 metros cadrados de superficie, situadas no lugar de Adega, na parroquia de San Facundo, pertencente ao Concello de Paradela.

Estes terreos, que son propiedade da institución provincial, atópanse xunto ao túnel construído pola Deputación na mesma zona. O proceso de venda levarase a cabo mediante un réxime de concorrência pública, a través dunha poxa en lote único. O prezo de saída para a poxa será de 21.616 euros.

Esta medida forma parte das iniciativas da Deputación de Lugo para xestionar de maneira eficiente as súas propiedades e



xerar ingresos que poidan ser reinvestidos en outras accións de interese para a provincia.

Este lote de parcelas representa unha oportunidade para particulares ou empresas interesadas na adquisición de terreos nunha zona estratéxica, próxima a unha

infraestrutura clave como é o túnel de Adega.

A poxa será o próximo paso neste proceso administrativo, que estará aberto á participación pública, co obxectivo de asegurar a máxima transparencia e equidade na adxudicación dos terreos.

Celebran o cabodano de Santiago Rodríguez López cunha placa

A igrexa de Paradela acolleu o cabodano de Santiago Rodríguez López, Fillo adoptivo do Concello. Con este motivo colocouse unha placa na súa memoria no Panteón de Paradelenses Ilustres, no que repousan os seus restos xunto aos de seu pai, o escritor Manuel Rodríguez López, Fillo predilecto de Paradela.

Santiago Rodríguez López (Barcelona, 1971 - Bristol, 2024) foi un xenetista e catedrático na Universidade de Bristol, recoñecido tanto pola súa carreira científica como polo seu compromiso coa cultura galega. Fillo do escritor Manuel Oreste Rodríguez López, de Paradela, e de Irene López Gómez, do Páramo, San-



tiago naceu en Barcelona e alí viviu ata os 14 anos, cando a súa familia regresou a Galicia. Posteriormente trasladouse ao Reino Unido, onde acadou un gran prestixio no ámbito da xenética. A pesar do seu éxito

internacional, Santiago Rodríguez mantivo sempre unha profunda conexión coa súa terra natal, participando no Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López, dedicado a seu pai.

A exposición da Banda de Música de Paradela percorre Galicia

A Biblioteca Pública Provincial da Xunta en Lugo e a Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés acolleron a exposición itinerante que conmemora o 150 aniversario da Banda de Música de Paradela. Esta mostra repasa a longa e destacada traxectoria da formación musical desde a súa creación en 1873. A exposición consta de 12 pa-

neis cheos de textos e fotografías que narran a historia da Banda de Música de Paradela, recollendo información de diversas publicacións e fontes históricas.

Esta mostra foi presentada por primeira vez en Paradela durante a feira anual do San Cidre en 2023 e agora chega a Lugo para seguir compartindo a súa riqueza

za cultural e histórica.

A Banda de Música de Paradela, que leva máis de un século e medio de existencia, segue sendo unha das institucións culturais máis queridas e representativas da comarca, e esta exposición ofrece aos visitantes a oportunidade de coñecer mellor a súa evolución ao longo dos anos.

A Asociación de Mulleres Rurais organiza unha viaxe a Portugal



A Asociación de Mulleres Rurais de Paradela organiza unha viaxe a Portugal do 2 ao 4 de maio, cun completo programa turístico que inclúe visitas a Cascais, Estoril, Lisboa e Coimbra, así como á popular Cidade dos Pequeninos, un parque temático infantil moi coñecido no país veciño. A saída terá lugar o 2 de maio ás 6.00 horas desde o Mercado Gandeiro de Paradela, e o prezo é de 340 euros

para socias e persoas empadroadas, e de 360 euros para non socios.

O itinerario inclúe tres días: visita a Cascais e Estoril no primeiro día, visita guiada a Lisboa no segundo día e percorrido por Coimbra e Portugal dos Pequenitos no terceiro día.

A proposta inclúe transporte en autocar gran turismo, pensión completa durante toda a estancia, guía en Lisboa, entradas e seguro de viaxe.

Celebrouse o seu 33º Campionato de Tute Río Loyo

O Restaurante Río Loyo acolleu este fin de semana a 33ª edición do seu tradicional Campionato de Tute Río Loyo, unha cita que volveu reunir a grandes afeccionados ao xogo de cartas.

Un total de 20 parellas participaron no torneo, destacando un ambiente de gran compañeirismo e diver-

sión entre os asistentes.

Na clasificación final, a parella formada por Ferramenteiro e David alzáronse co primeiro posto, seguidos de Limeres e Gayoso, que quedaron en segundo lugar. A terceira posición foi para Armesto e Penela, mentres que Montes e Fernando remataron en cuarto posto.

FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

triacastela

O Goberno local presenta as accións a levar a cabo co Plan Deputación



O Concello de Triacastela dedicará os fondos do Plan Deputación cos concellos para diferentes actuacións no municipio. Unha delas será o ensanche e reparación do camiño no núcleo de Queixadoiro por valor de 23.290 euros. Tamén se repararán vías de titularidade municipal no núcleo do Teixo, para o que o propio Concello achegará 8.804 euros e a Deputación 43.044 euros. Por outra banda, desde o Goberno local dedicarán 80.000 euros da Deputación de Lugo para adquirir un

inmóble anexo á Casa Consistorial do Concello destinado a almacén, vestiarios, garaxe e futura ampliación das oficinas municipais. Ademais, no Plan Deputación tamén se contempla unha partida para o Servizo de Atención no Fogar, por un valor de case 20.000 euros; unha partida para reforzar o emprego, cun orzamento de 32.201 euros; e unha achega para o transporte ao curso de natación dentro das actividades deportivas que organiza o Concello de Triacastela.

Triacastela xa conta cunha nova casa niño, 'Cabaciña'

Triacastela contará cun novo espazo de atención infantil coa apertura da Casa Niño Cabaciña, promovida por Lorena García. O proxecto instalárase no CEIP Eduardo Cella Vila, onde anteriormente se atopaba a Casa Niño Vivarachos. Lorena explica que escolleu o nome Cabaciña porque simboliza protección, tenrura e proximidade, valores esenciais para crear un ambiente seguro no que os pequenos se sintan como na súa propia casa. A Casa Niño Cabaciña ofrecerá atención a cinco nenos e nenas

de entre 0 e 3 anos, de luns a venres, permitindo ás súas familias conciliar a vida laboral mentres os pequenos reciben coidados e participan en actividades estimulantes para o seu desenvolvemento. Para máis información sobre o servizo e as instalacións, as persoas interesadas poden contactar a través do teléfono 609 18 54 38. Desde o Concello de Triacastela deséxanlle moita sorte a Lorena García neste novo proxecto que reforza o apoio á infancia e á conciliación familiar no municipio.



PRESUME DE JARDÍN

CON LA CALIDAD PREMIADA DE LA BATERÍA VITA.

UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS

DESCÓBRELAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL.

OFERTA PRIMAVERA 2024



Ferretería Sarriá

Pedro Saco 33, Sarriá.
Telf. 982 532 202

O Goberno local leva investido un millón de euros en melloras

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación das obras para mellorar medio quilómetro da LU-P-2703, que vai da Pobra de San Xiao a Carracedo. Os traballos, cun valor de 72.976,37 euros, centraranse no tramo urbano da Pobra de San Xiao, entre o cuartel da Garda Civil e o Campo da Feira, e tamén incluírán a reapertura de cunetas, pavimentación e mellora da sinalización.

O Concello de Lánacara está levando a cabo investimentos en infraestruturas, por valor de 918.304,18 euros, financiados polo Concello, a Deputación Provincial de Lugo e a Administración Estatal. Un dos proxectos clave é o Programa de Universalización de Infraestrutura Dixital para a Cohesión - 5G Redes-Backhaul Fibra Óptica e o Plan de Despregamento da Rede de Telecomunicacións de Fibra Óptica (FTTH) en distintos núcleos do municipio. Dentro do Plan de Cooperación da



Deputación de Lugo cos Concellos 2024, levouse a cabo a mellora de vías municipais en Leirado y Vilouzán, e está en fase de execución o muro de contención en Vilaesteva. Pola súa parte, con respecto ao Plan de Cooperación da Deputación de Lugo cos Concellos 2025 aprobáronse dúas obras: o proxecto técnico de mellora de vías en Cedrón, accesos a Sobrerriba e Rebordelo por máis de 50.000 euros e o proxecto para estradas de montaña, acceso a Toldaos, Armillán e Viládiga por máis de

130.000 euros. Ademais, dedicaranse 119.890,68 euros na mellora de vías municipais na parroquia de Río. Finalmente, o Plan Montaña de Lánacara 2024-2025 ten como obxectivo a mellora de camiños de acceso a lugares de montaña a distintas parroquias como Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo). Xunto coa Deputación de Lugo, investiranse máis de 100.000 euros neste proxecto.

Aberto o prazo de inscrición para o Campamento de Semana Santa

O Concello de Lánacara pon en marcha unha nova edición do Campamento de Semana Santa, unha iniciativa destinada a facilitar a conciliación familiar e ofrecer aos nenos e nenas un espazo de lecer saudable con actividades lúdicas e educativas. O campamento desenvolverase os días 14, 15, 16 e 21 de abril

no Polifuncional do Campo da Feira, en horario de 10.00 a 14.00 horas. Poderán participar nenos e nenas de entre 4 e 13 anos, habendo un total de 25 prazas dispoñibles, con prioridade para os menores empadroados no municipio. O custo da actividade é de 15

euros por participante. As inscricións estarán abertas ata o 10 de abril e poderán realizarse tanto de maneira presencial na Biblioteca Municipal como a través da Sede Electrónica do Concello. A lista de admitidos publicárase o 11 de abril na mesma sede electrónica.

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!



Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

982 533 165
646 599 185
Crta. Comarcal 546, km 21 Sarriá

“Animamos a todo o mundo a que veña á Feira; vanse sorprenden”

O alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, pon en valor a Feira Degustación da Tenreira de Láncara, que este ano cumpre a súa XXVI edición

Jessica Fernández

Como valora, como alcalde de Láncara, a Feira Degustación da Tenreira Galega?

É unha forma de darnos a coñecer, Láncara é predominantemente gandeira, somos un concello gandeiro e temos moita exportación de carne sobre todo. E moitos gandeiros dedícanse á tenreira galega. Entón nós o que intentamos é darlle valor a este produto de gran calidade e axudar ao gandeiro e ao sector primario. Comezouse co tema das vacas loucas, había crise na carne e foi un pouco para promocionar esa carne.

Que importancia ten este evento para a comarca de Sarria?

Promocionamos o produto local, axudamos ao gandeiro e mostramos Láncara como concello, xa que non só ven xente da comarca de Sarria, coñécese a nivel nacional e internacional. Échese todo de xente que vén a desfrutar e pasar a tarde. Hai un impacto positivo no turismo e na economía local porque damos a coñecer o que somos e o que temos, levando calidade por diante. Ademais, o campo da festa é un sitio moi bonito, moi acolledor, cun entorno marabilloso, no que tradicionalmente había feira. Por iso, pensamos que é un lugar perfecto, xa que tamén está preto de Sarria, de Lugo, do Corgo... e isto fai que veña máis xente.

Lembre a primeira edición de 1999, como foi a evolución da feira?

Para min o máis importante desta Feira é que se mantivera durante tantos anos, por iso ademais conse-

guimos o recoñecemento de Feira de Interese Turístico Galego. Empezamos no ano 1999 cando Eladio Capón era alcalde e fíxose o 1 de maio, supoño, porque coincidía na primavera e co Día do Traballador, un día festivo, e logo mantívose ao longo dos anos, non nos plantexamos cambiar de data. Hai cousas que non deben cambiar.

Que ten de especial a marca Tenreira Galega?

Destaca a calidade, ten outra forma de carne, ten moita graxa e iso fai que sexa máis suave, máis tenra e iso gusta moito, fibra diferente... son uns animais de leite ademais. Non é o mesmo un animal criado con cebadeiro que un criado con leite materno.

Como esperan que sexa a acollida desta festa este ano?

Depende sobre todo do tempo e hai que pensar que tamén hai moitos actos nesas datas, hai festa da troita en moitos sitios, entón é difícil xuntar a máis xente, pero aínda así esperamos unha gran participación e de público en xeral, xa que a xente do municipio xa ten gardada o 1 de maio no calendario e intentan vir. Ademais, notamos que o valoran, é o día da nosa festa, o día de Láncara. Tamén está a festa patronal, pero aquí xuntámonos todos e con xente de fóra e é moi bonito.

Que actividades se poden atopar durante a feira, ademais da degustación?

O programa deste ano será igual ca



os anteriores. O 30 de abril, mércores, queremos organizar unha degustación de Tenreira Galega Suprema aberta a todo o público e de maneira gratuíta e logo terá lugar a XVI Festa dos Avós, cunha posterior foliada popular. Xa pola tarde haberá exhibicións das Escolas Deportivas Municipais no pavillón, así como se celebrarán uns Cantos de Taberna polos bares que percorrerán os bares da Pobra de San Xiao. Mentres, o día 1 de maio será a Feira exposición de gando vacún, que ademais de acoller a poxa de xovenas, farase un percorrido polo recinto feiral con visita ás instalacións do gando. Tamén será este día cando terá lugar o pregón e, despois, haberán diferentes actuacións musicais durante o día, destacando a degustación de Tenreira Galega Suprema e outros produtos durante a comida popular. Ademais, haberá postos con diferentes produtos para que artesáns e feirantes poidan vender, así como atraccións para os máis pequenos e outras actividades para amenizar a xornada, como a exhibición 'Duende Ecuéstre'.

Que importancia lle dan a Acruga nesta festa?

Acruga fainos un traballo impor-

tante porque xestiona o transporte e papeleo dos animais, así como xestionan os concursos de cualificación de gando, os manexadores, os xuíces... Un tema polémico é o tema das vacas que van a exposición, porque a xente quería levar as súas vacas, pero nós xestionamos con Acruga e buscamos calidade, hai que cumprir uns estándares e hai xente que non acaba de entendelo.

A Festa dos Avós tamén ten moita importancia para Láncara.

É importante porque hai moita xente maior que non se ve durante o ano, só cando van ao centro médico e é unha forma de xuntarse. Ademais, veñen de todas as parroquias de Láncara. Con respecto ao día de celebración, facémola o día antes da poxa porque antes a xente pensaba que a faciamos para aproveitar as sobras da carne e non facemos iso, apostamos pola calidade e ofrecemos un produto de calidade, polo que temos que estar a altura. Así, ofrecemos o mellor todos os días da festa.

Que mensaxe lle daría a alguén que non asistira nunca?

Díralle que veña, que vai marchar sorprendido. Só iso, déixoo aí.

RESTAURANTE A CARBALLEIRA DE REBOLEIRA
LEÑA Y CARBÓN

MAESTROS DE LA PARRILLA
Bienvenidos A Reboleira
donde cada corte es un espectáculo,
cada aroma irresistible y
cada bocado inolvidable.

¡A disfrutar!

San Martín de Río Lancia - A Reboleira 27692. Tlf: 641 027 705
a.reboleira.restaurant

Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza
Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

O Festival Tremeterra confirma os seus primeiros convidados



Os organizadores do Festival Tremeterra veñen de confirmar os primeiros grupos que actuarán no cuarto Encontro Soundsystem da Terra Brava, terá lugar os días 29 e 30 de agosto no Encoro de Vilasouto do Incio. Esta cita, que reúne obradoiros, debates abertos, música en vivo e o mellor do soundsystem internacional, é unha das máis recoñecidas da comarca de Sarria e tamén de Galicia por acoller música de raíces xamaicanas, ofrecendo unha experiencia única nunha contorna natural excepcional.

Así, a primeira confirmación é 10000 Lions, un grupo de Goa, A India, que ten as súas raíces no reggae de Xamaica e transmuta coas vibras de India. A súa proposta sonora funde o ritmo tan característico de Xamaica coa vibrante enerxía de India, creando unha experiencia única e máxica. O grupo presenta unha proposta innovadora ao mesturar as ba-

ses do reggae con influencias da música tradicional india, creando unha sonoridade que remove tanto a terra como a alma.

A segunda confirmación é Black Beanie Dub, unha banda procedente do sur de Francia, chegará ao Incio cargada de "killers" que desbordan calidade e boas vibracións, sumándose así a un evento que combina música, cultura e natureza.

A terceira confirmación do evento é Ashanti Selah, un artista de renome que traerá a súa imaxe e son característicos da UK sound-system culture. Fillo dunha lenda viva da música, Ashanti Selah leva o UK soundsystem no ADN e promete facer do Tremeterra unha verdadeira festa ao estilo do famoso Notting Hill Carnival. Co seu estilo inconfundible e a súa traxectoria na música de raíz británica, este talento emergente converterá o escenario do festival nunha verdadeira explosión de son e enerxía.

Éxito rotundo na primeira edición do Cocido Gourmet de Porco Celta

O Concello do Incio reuniu a máis de 200 persoas na primeira edición do Cocido Gourmet de Porco Celta. Este encontro gastronómico nace coa intención, segundo explicou o alcalde Héctor Corujo, de poñer en valor este produto tradicional e converterse nun reclamo turístico e culinario tanto para a comarca como para o conxunto de Galicia.

Antes da comida, os asistentes puideron gozar dunha degustación de viños da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, ofrecida polas adegas Guímaro e Terra Brava.

O xantar deu comezo co discurso inaugural da escritora local Marica Campo, escollida para estrear esta iniciativa pola súa traxectoria como figura destacada da cultura dende o rural galego. Marica Campo, pregoeira desta primeira edición do evento, realizou unha simbólica comparación entre a 'Odisea' de Ulises e a historia do porco celta, afirmando que este animal "é o noso heroe, o noso Ulises, e hoxe celebramos o seu retorno, un regreso marcado por múltiples retos superados grazas ás persoas valentes que apostan pola gandería".

En palabras da autora, son "homes e mulleres que se atreven a soñar e que fan do seu esforzo diario unha



travesía que mantén viva esta raza autóctona". Campo destacou que a recuperación de especies propias é un "acto digno e meritorio que merece recoñecemento e respaldo social".

Tamén apuntou que o porco celta estivo a punto de desaparecer debido ao avance da gandería intensiva e ao despoboamento rural, o que propiciou a substitución desta raza por outras foráneas. Porén, defendeu que este animal representa unha auténtica xoia culinaria, cun alto valor nutricional e un sabor excepcional.

"Conservar a tradición sen renunciar á innovación, como se fai nesta celebración do Cocido Gourmet, é clave para garantir o progreso e o futuro do rural", sinalou.

A escritora tamén quixo agradecer o

traballo de Breogán Pereiro e Pedro Rodríguez, das adegas Terra Brava e Guímaro, eloxiando "o agarimo que poñen na súa labor".

Por último, rendeu homenaxe ás persoas que, ao longo do tempo, contribuíron a manter viva a presenza do porco celta, facendo mención especial ás mulleres que o cociñaron, aínda que moitas veces non chegaban a saborear os produtos porque debían vendelos para subsistir.

O alcalde Héctor Corujo destacou que esta proposta busca reforzar a importancia do porco celta, unha raza que conta no municipio coa explotación máis grande de Galicia, ao tempo que se pretende consolidar como unha cita anual de referencia, con capacidade de atraer cada vez máis visitantes.

A cantante Lucía Pérez será a pregoeira da XLV Feira do Viño de Amandi

O Incio contará este ano cun dobre protagonismo durante a XLV Feira do Viño de Amandi, que se celebrará os días 11, 12 e 13 de abril en Sober.

Por unha banda, será o concello homenaxeado nesta edición e, por outro lado, a cantante Lucía Pérez será a encargada de dar o pregón o domingo, 13 de abril.

A artista da Terra Brava ofrecerá un concerto o sábado e pronunciará o pregón o domingo ao mediodía.

O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, explica a elección da pregoeira por tratarse "dunha das artistas máis queridas e recoñecidas da música galega" nun momento de madurez ar-



tística e cando vén de presentar o seu novo tema 'Tanto', no que fusiona diferentes influencias culturais.

En concreto, esta peza foi composta pola propia Lucía xunto co artista emerxente G-Face e producida por Juan Guevara. É, nas súas propias palabras, "un antoxo galego mexicano, un abrazo entre culturas".

Despois de Lucía Pérez, actuará Gin Toni's, poñendo así o peche final á festa do sábado.

ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA. CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS

DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo
de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

“O Incio ten moita Historia, pero non se lle quixo dar valor”

O arqueólogo e escultor Álvaro Pereiro, promotor do Museo da Pedra do Incio, dá unha clase sobre a Historia do Incio e valora o seu traballo como escultor

Jessica Fernández

O Museo da Pedra do Incio, un dos espazos máis singulares de Galicia, non é só un lugar onde se expón a beleza das pedras e das esculturas; é tamén un testemuño do traballo e da dedicación dun home que, ao longo de 27 anos (En 1998 fúndase o Museo da Pedra do Incio), logrou recuperar e preservar unha parte importante da historia de Galicia, e en concreto do Incio, onde as pedras, o patrimonio e a cultura se entrelazan. Este home é Álvaro Pereiro, escultor e promotor deste museo que, malia os obstáculos e as dificultades, mantivo vivo un lugar valioso para a sociedade.

Álvaro Pereiro confesa que sempre tivo unha fonda afección pola arqueoloxía, unha paixón que nacería nas súas andanzas polas aldeas e os montes do Incio. “Esta é unha zona de moita historia”, di con emoción, “hai 45 castros e foi unha zona moi poboada na época dos celtas”. O seu interese pola historia e as pedras comezou desde mozo, cando saía “de caza” e atopaba pedras incrustadas nas paredes. Foi neses momentos cando Pereiro comezou a descubrir os primeiros sinais dun pasado antigo que agora se conserva a través de pezas dun valor incalculable no Museo da Pedra. “A raíz diso, comecei a atopar muíños e outras pezas antigas, como fósiles”, explica, e dixo que esa foi a orixe dun proxecto que, sen saber ben como, converteríase nunha das principais atraccións culturais da zona.

TRABALLO E ILUSIÓN. O Museo da Pedra do Incio non comezou como un museo formal, senón como un espazo onde Pereiro recollía, estudaba e expoñía as pezas que ía atopando. “Tiña só dúas pezas, pero logo foron chegando máis”. Esta “zona de exposición” foi a primeira forma que tomou o que sería, con todo, un verdadeiro museo, que conxuga a historia, a arqueoloxía e a escultura. Ás súas pezas súmase o descubrimento de muíños celtas de máis de dous mil anos antes de Cristo. Entre outras cousas, “este muíño serviu para facer estudos sobre o pan de belota”, explica facendo alusión a un muíño de pedra con gran cultural desta zona, onde a castaña e a belota foron os primeiros cereais utilizados na alimentación, antes da chegada do trigo cos romanos.

O museo tamén xurdiu como unha maneira de preservar un patrimonio

que, ao longo dos anos, pareceu ser ignorado. Aínda que moitos traballos se fixeron no campo, tamén houbo moitos traballos científicos e universitarios desenvolvidos arredor do labor de Pereiro, xa que a preservación destes restos históricos fixo posible que o Museo da Pedra fose un referente en estudos arqueolóxicos e culturais.

ESCUADOR. Álvaro Pereiro tamén é recoñecido polo seu traballo como escultor. “Eu traballei co escultor Manuel Fandiño, que á súa vez foi

pero, segundo Pereiro, a arte da escultura segue sendo moi apreciada polos poucos escultores que aínda manteñen viva esta tradición.

Entre as pezas que destacan no seu traballo atópanse ‘Mentes cruzadas’, realizada en mármore de Lóuzara e inspirada no cubismo. Tamén se pode admirar a súa recreación da famosa ‘Roseta de Londres’, unha das pezas máis emblemáticas da historia exipcia. Esta foi fundamental para descifrar a escritura antiga exipcia, e tamén ocupa un lugar destacado na súa carreira. “A historia da Roseta é



alumno de Francisco Asorey, un dos escultores máis importantes da Historia de Galicia”. O seu estilo destaca pola variedade de materiais que emprega, como mármore, granito, magnesita negra e magnesita branca. Cada peza que crea ten unha característica propia que a fai única, e o tempo de traballo que require pode ser moi longo. “Tallar e pulir unha peza pode levar entre catro e cinco meses”, explica. Actualmente, as máquinas facilitan algúns procesos,

moi interesante”, sinala, “foi mandada construír por Ptolomeo V e, despois da morte de Cleopatra, o idioma exipcio foi perdéndose. Foi en 1890 cando o exipcio antigo se recuperou, grazas á tradución realizada polos franceses”.

Ademais, participou na talla de pezas que forman parte da fachada do edificio do Concello do Incio e, algunhas das pezas que ao final non se integraron na fachada, quedaron para completar a colección de pezas



no Museo da Pedra. Tamén cabe resaltar o escudo do Museo da Pedra, que contén o seu apelido, o oficio, o puebo e o mamut, xa que forma parte da Historia do Incio.

A MÁRMORE DO INCIO. Un dos materiais que máis destaca no museo é a mármore de O Incio, que Pereiro estudou e utilizou en moitas das súas pezas escultóricas. “A mármore de O Incio é recoñecida mundialmente”, explica con orgullo. Un dos feitos máis significativos sobre esta mármore foi o descubrimento dunha talladura moi antiga, o Crismón de Quiroga, que se exhibe no Museo Diocesano de Lugo. “Os romanos usaron a mármore do Incio para facer pezas como as que se atoparon en Quiroga, aínda que tamén se atoparon capiteis da mesma orixe en Santiago de Compostela e Pontevedra”, di. O traballo da mármore, que Pereiro aprendeu a dominar ao longo dos anos, tamén serve de marco para estudos máis profundos. “Hoxe en día, a mármore de O Incio é un tema de estudo en todas as universidades do mundo”, asegura. Segundo el, esta mármore non é só importante pola súa calidade, senón tamén pola súa xenealoxía, algo que se descubriu grazas a novas técnicas

de investigación, como a xenética. “A través da xenética, cunha peza arqueolóxica, aínda que estea moi gastada, podemos rastrexar a súa orixe en calquera parte do mundo”, comenta Pereiro.

O PASADO E O FUTURO. Malia os logros acadados e a admiración que o Museo da Pedra do Incio gañou ao longo dos anos, Pereiro non agocha a súa desilusión polo futuro deste espazo cultural. “O museo non ten futuro”, lamenta. “Aínda que houbo moita xente que o visitou, e mesmo tivemos exposicións na Coruña, Ponferrada, Barcelona ou Lugo, o apoio nunca foi suficiente”. Aínda que o Concello e outras entidades mostraron interese en momentos puntuais, Pereiro sente que a falta de implicación real por parte das administracións locais fixo que o museo se convertese nun proxecto “abandonado”. O mesmo ocorre coas riquezas arqueolóxicas e xeolóxicas que a zona ofrece, como os petróglifos ou os meteoritos que el mesmo descubriu, que permanecen sen o recoñecemento que merecen. “Hai moitas historias que se poden contar sobre O Incio, pero non se lle quixo dar o valor que ten e acabará morrendo”, augura.

PINTOR

PINTURAS HOGAR

LATAS

tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES

PERSIANAS

PAPEL PINTADO

TARIMA FLOTANTE

659 767 936

HOGAR

CORTINAS - STORES

RIELES

ALFOMBRAS

EDREDONES

C/ Benigno Quiroga, 93-95, bj - 982 533 497

SARRIA (Lugo)

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)

Tel.: 672 149 386 / 982 009 270

caminofrances.aluminios@gmail.com

o páramo

O Goberno local propón outro lugar para a residencia de maiores



O Concello do Páramo propuxo á Xunta de Galicia unha nova localización para a residencia de maiores, concretamente nunha parcela nas proximidades do pavillón polideportivo, xa que dispón dunha superficie máis ampla e permitiría que a residencia contase con máis prazas.

Nestes terreos atópase unha nave, que se conservaría e que actualmente é empregada pola administración municipal para gardar tanto vehículos como maquinaria e outro material, mantendo as súa localización no contorno do campo da feira.

Nun principio, o Concello proxectara a infraestrutura nunha parcela onde se atopa a denominada Casa Amelia, situada xunto a outras dependencias públicas, como o local social coñecido como Casa do Médico, a escola, o centro de saúde e a casa consistorial.

Inicialmente, proxectábase unha edificación de tres plantas, na que a baixa estaría destina-

da a centro de día e a segunda estaría dividida entre zona de dormitorios, servizos e terraza exterior. O novo equipamento contaría con 41 prazas de residencia e entre 20 e 25 de atención diúrna; pero actualmente prevese un mínimo de 60 prazas.

Coa construción do centro de maiores na parcela escollida, todos os servizos do Páramo quedarían centralizados na contorna do campo da feira.

Dende o Goberno local do Páramo consideran que a construción desta residencia de maiores é moi necesaria, xa que "temos unha poboación moi envellecida e a xente vese na obriga de marchar do noso municipio e trasladarse a Sarria ou Lugo. Aínda non podemos adiantar nada porque seguen estudando o lugar onde edificala, despois haberá que licitar a obra, posteriormente construíla e finalmente decidir a súa xestión. A nós gustaríanos que fose pública, pero xa se irá vendo".

samos

Celébranse os II Cantos de Taberna de Samos o 12 de abril

A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos organiza para o vindeiro 12 de abril a segunda edición do certame de cantos de taberna, que terá lugar nos bares da vila. O evento, que poderá acoller ata 16 grupos, repítese este ano tras o gran éxito da pasada edición e conta co apoio do Concello de Samos e da Deputación de Lugo.

O obxectivo principal deste encontro é ofrecer unha alternativa de lecer á veciñanza, ademais de impulsar o sector da hostalaría e o comercio local.

A edición do ano pasado foi todo un éxito pois foi todo un éxito despois da gran participación da veciñanza e de persoas doutros concellos limítrofes que se achegaron para desfrutar da xornada festiva.



Os grupos participantes dos Cantos de Taberna foron Son de Outeiro, Nubeiro Son Galego, Os corenta e cinco, Gaiteiros de Goián, Son do Mao, Lingoreiteiros, Cómeme "A Bica", Estoupafoles e Os trece de Lugo; e aos locais que colaboraron, que foron o Mesón Pontenova, o

Hotel a Veiga, o Restaurante Albaroque, a Abadía, Tras do Convento, Cantina de Renche e Casa de Airapadrón.

Desde o Concello puxeron en valor o evento, "xa que se achegou moita xente a desfrutar da música e bo ambiente".

Os mozos do European Solidarity Corps presentan unha revista sobre Samos

Os mozos e mozas voluntarias do European Solidarity Corps deixan unha imaxe inmortal da súa estancia en Samos a través dunha revista creada no marco do programa Lugo RESidence.

Este proxecto recolle historias, imaxes e reflexións sobre a vida no rural, un espazo que se converteu na súa casa durante este tempo, e que agora dan a coñecer ao público de maneira única.

A revista, que se presenta como un testemuño persoal dos volun-

tarios, aborda diversos temas relacionados coa cultura, a natureza e a comunidade local, así como os retos e as oportunidades que ofrece a vida no rural galego. A publicación reflicte non só as dificultades e desafíos, senón tamén a beleza de Samos, vista a través dos ollos de quen chegou para colaborar e tamén para aprender.

Este proxecto non só destaca a importancia da solidariedade internacional senón tamén o impacto positivo que as accións

dos voluntarios poden ter nas comunidades rurais. Cultura, solidariedade e colaboración son as bases desta publicación, que foi realizada con moito cariño polos seus creadores.

A revista xa está dispoñible en liña, permitindo a todos descubrir as experiencias e as reflexións destes mozos e mozas que, ademais de dar o mellor de si mesmos, tamén se levan un aprendizaxe inestimable sobre Galicia e as súas xentes.

CONCELLO DE PARADELA

INVIESTE EN PARADELA

VIVEIRO DE EMPRESAS

20 ANOS

Concello de Paradelá

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

DEPORTES

Elena López xa é subcampioa no Campionato Nacional de XC

A deportista de Samos Elena López foi proclamada subcampioa no Campionato de España de Cross Country (XC) despois de ser a súa primeira tempada competindo no Nacional, con catro carreiras en Huelva, Cuenca, Badaxoz e Toledo. Elena, que tamén acadara previamente o título de Campioa Galega de Cross Country, afirmou que este logro é un "soño cumprido" e unha mostra de que está a dar pasos firmes cara adiante na súa carreira. "Isto mótivame para seguir traballando e mellorando", expresou.

Ademais, non quixo deixar pasar a oportunidade para agradecer o apoio recibido ao longo da tempada: "Grazas aos meus patrocinadores pola confianza e apoio, ao meu equipo, á miña familia e a toda a xente que me rodea", dixo con emoción.

"Hai tres anos cando fixen a miña primeira carreira non imaxinaba seguir competindo, nin chegar a facer un podio no Campionato de España así que estou súper con-



tenta", engadiu.

Agora, di, toca "seguir adestrando e traballando porque aínda queda moito por aprender. Isto servíume para saber no que son mellor, no que son peor e no que teño que traballar para poder gañar un Campionato, que espero poder gañalo pronto, aínda que nunca se sabe, porque hai moitos factores que inflúen neste deporte, como as lesións, a moto... Gustárame

gañar o Campionato, pero non hai que confiarse", sostén, cos pés na terra.

Con todo, a tempada non remata con este éxito, continúa a Liga de Enduro e o Campionato Galego de Cross Country, nos que tamén participará para seguir demostrando a súa forza física e psicolóxica, xa que "tes que ser forte nas dúas para poder soportar os obstáculos das carreiras".

A SD Sarriana está a conseguir grandes logros nas categorías



Todos os equipos da Sociedade Sarriana están tendo unha boa tempada, tal e como defenden desde o club, que destacan a mellora en cada un dos grupos deportivos que conforman a entidade.

Así, valoran positivamente o posto clasificatorio do primeiro equipo, o sénior A, que se atopa de terceiro na táboa da súa categoría, a 3ª RFEF. Así, progresan ben co seu adestrador, José Antonio Rodríguez, que comezou en febreiro co seu liderado, tendo como obxectivo xogar o *playoff* de ascenso a 2ª RFEF.

"O pensamento do equipo debe ser querer facer bos partidos e centrarnos no curto prazo, pensar máis aló da semana que che toca é un erro e desvirtúa a situación do equipo. O que está feito permítenos estar onde estamos, pero ir semana a semana é o importante. Pola súa parte, o equipo Sénior B tamén se atopa nunha situación

positiva, xa que xa está xogando o *playoff* de ascenso de 3ª a 2ª Galicia, coa finalidade de poder conseguir xogar nesta categoría na vindeira tempada.

Con respecto ao Xuvenil, tamén está competindo por ascender a Preferente Futgal despois de quedar entre os catro primeiros, un éxito que foi traballado durante toda a tempada.

Os cadetes da Sarriana, no seu caso, conseguiron ascender a 1ª Interprovincial, polo que están contentos cos esforzos feitos durante este ano, demostrando que son un equipo de rapaces comprometidos co deporte e co fútbol.

Finalmente, cabe destacar o equipo 'Revelación', o Prebenxamín A, que vai xogar o Campionato Galego de fútbol 8, polo que desde a Sarriana defenden que están "contentísimos coa situación actual da Sociedade", destacan.

O Club Xirandela de Sarria arranca a tempada con grandes resultados

O Club Xirandela de Sarria comezou a súa tempada de actuacións cun excelente rendemento no IV Torneo Cidade de Lugo, onde participaron varios dos seus equipos de nivel escolar. Tamén estiveron en Burela cos equipos de nivel Interscholas na 1ª Fase Interescuelas cun gran éxito.

Ademais, estiveron no Torneo Cidade do Lérez, onde o equipo de iniciación de nivel escolar logrou unha destacada 3ª posición.

Nesta competición, o club enfrontouse a diversos equipos de

ximnasia rítmica de toda Galicia, demostrando un gran nivel de preparación e traballo en equipo. A última competición na que estiveron foi o XXVII Torneo Concello de Ribadeo, onde logrou "magníficos resultados" que reflicten o traballo e esforzo das súas ximnastas.

Dende o Club Xirandela mostraron a súa satisfacción pola actuación das ximnastas: "Regresamos de Ribadeo felices co traballo das nosas ximnastas e orgullosas de todas elas", expresaron, agrade-

cendo o esforzo e a dedicación de cada un dos equipos.

Así, as xirandelas sosteñen que este foi "un magnífico arranque de tempada para o club, que demostra a gran calidade dos seus equipos. Orgullosísimas das nosas xirandelas", comentaron desde a entidade, amosando a súa satisfacción cos resultados.

O Club Xirandela segue traballando con máis motivación que nunca, xa que, como destacaron, "isto non fixo máis que empezar".

CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)

INFANTIL PRIMARIA

- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

ESO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha **comparativa de aforro** personalizada:

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal compañía eléctrica de Galicia. Con máis de 120 anos de historia.

Entra e infórmate!
982 876 681
sarria@xenera.com

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

Éxito de participación na III Ruta Enduro de Triacastela



O pasado 22 de marzo celebrouse a III Ruta Enduro Triacastela, unha cita que reuniu a 262 participantes que percorreron as paisaxes da Serra do Oribio, atravesando os concellos de Triacastela, Samos, Pedrafita do Cebreiro e Folgoso do Courel. A pesar das condicións meteorolóxicas adversas, o evento foi valorado como un rotundo éxito

por parte dos organizadores, o club Team Zennon. “Tendo en conta o mal tempo que tivemos, estamos moi satisfeitos co resultado”, afirmou Manuel, presidente do club, quen ademais confirmou que a ruta terá continuidade: “Repetiremos para o ano, porque cremos que paga a pena, e ese día tamén se lle dá vida a Triacastela”.

O DH Molinos Copa de España celebrarase en xuño no Páramo



O vindeiro 1 de xuño, O Páramo acollerá a Copa de España de Descenso en Bicicleta, un evento que reunirá aos mellores *riders* do país para competir nun trazado espectacular. A cita, que xa se afianza como unha das máis importantes do calendario, contará co patrocinio do Concello do Páramo, a Vicepresidencia e a Deputación de Lugo, entre outros.

O contará coas categorías Sub23 Fem., Sub23, Master 60 Fem., Master 60, Master 50 Fem., Master 50, Master 40 Fem., Master 40, Master 30 Fem., Master 30, Junior Fem., Junior, Infantil Fem., Infantil, Élite Fem., Élite e Cadete Fem., Cadete. Ademais das competicións, o evento inclúe un concurso de saltos aberto, engadindo máis emoción á xornada.



Peluquería

Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela

617 403 579

Avanzan na nova edición do Descenso Urbano Vila de Sarria

Sarria volverá converterse este xullo no epicentro do ciclismo extremo coa celebración dunha nova edición do Descenso Urbano (DHU) Vila de Sarria. Responsables do club organizador, DH Galicia, mantiveron unha reunión co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, para avanzar nos apoios do Goberno galego ao evento, que xa se consolidou como unha das citas deportivas de referencia en España. Durante o encontro, Arias salientou o compromiso da Xunta co DHU en anteriores edicións, destacando a súa contribución á proxección do evento e ao seu crecemento continuo. O delegado territorial puxo en valor a ampla cobertura mediática



ca que recibe a proba e o seu impacto positivo na economía e no turismo da vila e da provincia. “Trátase dunha cita consolidada que supón un importante impulso para a dinamización económica e turística de Sarria”, afirmou. Na pasada edición, o DHU Vila de

Sarria rexistrou un éxito rotundo, cunha asistencia de arredor de 2.000 persoas. A participación tamén superou expectativas, con 150 nenos e nenas no MINIDHU, 130 adultos na proba principal e oito participantes na novidade da edición, o Dirt.

Na AC Taekwondo xa se preparan para o Campionato de Europa

A AC Taekwondo segue sumando éxitos despois de participar no Open de Bélxica, celebrado en Lommel, como última proba internacional antes do Campionato de Europa que terá lugar a finais de abril en Tallin, Estonia. Un dos grandes logros da xornada foi a medalla de bronce conseguida por Mateo Fernández, xa que conseguiu meterse no podio nunha categoría cun altísimo nivel de competencia tras realizar dúas rondas nas que destacou pola calidade dos seus poomsaes. Este éxito reafirma o seu excelente estado de forma e permítelle chegar ao Europeo con grandes expectativas. Pola súa parte, o adestrador Alex tamén conseguiu unha medalla de prata en equipo, xunto aos seus compañeiros Carlos e Marco. Aínda que o equipo mostrouse satisfeitos co resultado, Alex comentou que "unha medalla que sabe a pouco, pero que serve como motivación e como novo punto de partida para preparar o Europeo". A nivel individual, Alex foi eliminado na ronda previa á medalla, ao perder contra o subcampión do torneo, pero o seu rendemento segue sendo un claro indicativo do seu gran nivel competitivo. Por outra banda, a Escola tamén participou no Campionato Galego Promesas de Combate, nunha xornada que supuxo un importante paso para os deportistas do equipo de combate, que na súa maioría se estreaban nesta modalidade. Así, o equipo regresou cun excelente ba-



lance de sete medallas, acadando catro pratas e tres bronces, nunha competición que reuniu a novas promesas de toda Galicia. Os bronces foron conseguidos por Alba González, Lucas Trebolle e Pablo Ferreira, mentres que as pratas foron para Fir Amanchar, Izan Rigueiro, Aarón González e Dani Pan, todos eles con actuacións destacadas que reflicten o esforzo e a dedi-

cación do grupo. Ademais, tamén formaron parte da expedición Cleo Celeiro, Juanjo López e Noel Préstamo, que, aínda que non conseguiron subir ao podio, realizaron unha gran competición, amosando unha notable progresión e espírito de superación. Desde a Escola valoran moi positivamente esta primeira toma de contacto para o equipo.

“O tiro con arco é un deporte cheo de valores esenciais”

Alberto e Ángela Rincón, pai e filla, fundaron o Club Seurri de Sarria con outros arqueiros no ano 2014 e, nestes 10 anos, puxeron en valor o tiro con arco

Jessica Fernández

O Club Seurri de Sarria vén de cumprir 10 anos desde que iniciou a súa andaina no mundo do tiro con arco, un deporte minoritario que soubo atopar o seu espazo grazas ao esforzo constante dos seus promotores. Ángela Rincón, unha das fundadoras xunto ao seu pai, Alberto Rincón, repasa a evolución do club e os retos que afrontan.

“Desde o meu punto de vista, que un club deportivo dun deporte minoritario e pouco coñecido como o tiro con arco aguante 10 anos mantendo o mesmo número de socios ca nos seus inicios, é un

creo que é algo envexable”, explica Ángela, destacando o valor engadido que supón contar cun espazo adaptado e funcional, algo especialmente importante para un deporte con necesidades moi específicas.

Mais este logro non chegou só: “Recoñecemos que isto non se podería conseguir se non fose grazas aos socios e ás empresas colaboradoras. O seu apoio foi clave para dar este salto”, subliña.

Con todo, o club segue enfrontándose a retos loxísticos, especialmente á hora de atopar un espazo adecuado para os ades-

LOGROS DESTACADOS. Aínda que o camiño non sempre foi doado, o club atopou no entusiasmo da xente unha gran motivación. “Sarria acolle o deporte, aínda que hai unha parte complicada. Este é un deporte pouco coñecido, non é algo que se vexa na televisión nin se ensina nos colexios”, explica Ángela. Aínda así, decidiron actuar: “Intentamos solucionalo indo dar clases a colexios, institutos e campamentos. Toda a xente que descobre este deporte vén moi entusiasmada e con ganas de probar, algo que nos encanta”. Ademais, o club comeza a destacar no ámbito competitivo. A



gran logro”, sinala Ángela Rincón. E é que, nun contexto onde os deportes maioritarios acaparan a atención e os recursos, manterse firme durante unha década non é unha fazaña menor.

Na actualidade, o Club Seurri conta con 23 socios activos, ademais de seis novas persoas participantes no curso de iniciación, o que demostra que segue despertando interese e atraendo nova xente. Tamén conseguiron a colaboración de tres empresas locais, o que lles permite soste-lo proxecto cunha certa estabilidade. “Isto significa que hai interese polo deporte e que, como club, estamos facendo as cousas ben”, engade Ángela, reflectindo o espírito co que afrontaron estes anos.

UN ESPAZO PROPIO. Un dos grandes pasos adiante que deu o club nestes anos foi a creación duns locais propios, situados na Rúa Liberdade 217. “Nos inicios utilizabamos as instalacións do Concello, pero hai uns anos decidimos aventurarnos a ter un local propio moi amplo. Non moitos clubs poden permitir isto e

tramentos ao aire libre. “É difícil atopar un sitio exterior, xa que se necesitan como mínimo 80 metros de longo”, sinala. A pesar diso, hai boas novas: “Actualmente estamos en trámites para acondicionar un campo que nos cedeu o convento da Nosa Señora da Mercé”, explica con ilusión. Máis aló do espazo, outra necesidade fundamental do club é aumentar a base social. “Como creo que ocorre na maioría dos clubs, gustaríanos ter máis socios”, afirma. E non só por cuestións económicas ou organizativas, senón tamén por vocación divulgadora: “Queremos amosar á xente o que é o tiro con arco e a pequena gran familia que somos no Club Seurri”.

A pesar do esforzo, aínda hai persoas que descoñecen a existencia do club. “É certo que non somos moi coñecidos; moitas veces a xente non sabe que en Sarria hai un club de tiro con arco. Por iso intentamos cambiar esa situación dando máis visibilidade nas redes sociais e colocando carteis na fachada do noso local”.

propia Ángela Rincón, que leva no club desde a súa fundación, comezou a abrirse camiño en torneos oficiais. “A tempada pasada entroulle o gusanillo de competir. Non conseguíu bos resultados, pero nesta tempada repetiu e mellorou moitísimo”, conta con satisfacción. Na súa categoría recurvo sénior muller, Ángela conseguiu un 3º posto no Campionato Galego de Sala e un 2º posto no Trofeo Federación de Sala. Grazas ao seu esforzo, logrou clasificarse para o Campionato de España de Sala, celebrado en Valladolid. “Ese nivel non foi o que ela agardaba, pero era a súa primeira vez competindo nun nivel tan alto, onde participan tiradores olímpicos. Aínda así, encantoulle a experiencia e non dubida en repetir”.

Outros membros do club tamén están deixando pegada. “Temos a Cristina Pereira, campioa galega en sala na tempada 23/24, e a Jesús Franco, que tamén acadou un 3º posto no Campionato Galego de Sala a tempada pasada. Ademais, hai máis arqueiras e arqueiros que conseguen moi boas



puntuacións nas competicións”, destaca Ángela, visiblemente orgullosa do traballo colectivo.

OS VALORES E PROXECTOS. Pero o tiro con arco non é só competición. Segundo Rincón, é un deporte cheo de valores fundamentais. “Transmite disciplina, paciencia, concentración, autocontrol e fortaleza”, enumera. “Tamén ensina respecto, solidariedade e traballo en equipo. Aínda que é un deporte individual, sempre se fomenta un ambiente de apoio mutuo, compartindo experiencias e consellos”.

A nivel físico, os beneficios tamén son destacables. “Apréndese a conseguir unha boa postura corporal, ao tempo que se fortalece a parte superior do tronco. Temos xente que notou melloras na mobilidade dos brazos e da espalda”, afirma. E no plano psicolóxico, é unha ferramenta poderosa: “Apréndese a controlar a

familia que se axuda mentres goza do deporte”, engade Ángela cun sorriso.

E os proxectos non se quedan atrás. “Queremos aumentar o número de socios, conseguir máis empresas colaboradoras e rematar o campo exterior para adestrar ao aire libre”, explica. Pero tamén están desenvolvendo iniciativas máis ambiciosas: “Temos un pequeno proxecto para axudar aos nosos deportistas noutros ámbitos, como o psicolóxico, o fortalecemento físico e nutricional, e o coñecemento do material técnico”.

Por último, puxeron en marcha un proxecto de tecnificación, cun grupo de adestramento máis esixente para quen desexe competir. “No Club Seurri non obrigamos a ninguén a competir. Hai quen quere prepararse e esixímoslles máis, e outros que veñen simplemente para tirar, relaxarse e desconectar. A todos lles damos



concentración e a evadirse mentalmente do que sucede arredor. Tamén se gaña confianza en un mesmo e trabállase no control da mente e do corpo”.

Ademais, o club aposta polo componente lúdico do deporte. “Gústanos ensinar a pasalo ben co tiro con arco. Organizamos pequenas tiradas de Samaín, Entroido, Nadal... Somos unha pequena gran

o seu espazo, o seu ritmo e o noso acompañamento”, conclúe Ángela.

Dez anos despois do seu nacemento, o Club Seurri non só consolidou o tiro con arco en Sarria, senón que construíu unha comunidade baseada na paixón, a constancia e o compañeirismo. E todo indica que o mellor aínda está por chegar.

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

O Pazo da parroquia de Láncara

O emblemático edificio galego de orixe medieval é un atractivo turístico que conserva a súa impresionante fachada

O Pazo de Láncara atópase na parroquia de San Pedro de Láncara, no municipio homónimo, e posúe unha rica tradición histórica que se remonta a séculos pasados.

AS ORIXES. Nas súas orixes, no século XVI, a edificación era unha fortaleza, e nese momento os seus propietarios eran Beatriz de Castro e o seu marido Don Pedro Bolaño Ribadeneira, para despois pasar a mans de Doña Ana Pimentel Ribadeneira e Don Alonso Yebra, que emprenderon a construción do edificio que existe hoxe. A diferenza doutros pazos da época, este non conta cunha capela propia, xa que a igrexa de San Pedro atópase a escasos metros. Desde finais do século XVI, os membros da familia Ribadeneira foron os patróns da igrexa, e tiveron o privilexio de ser enterrados no presbiterio, en sepulturas baixo un arcosolio nos laterais da capela maior.

O Pazo de Láncara alcanzou a súa maior relevancia e prestixio a principios do século XVIII, aínda que pasou por varias mans de familias nobres, ata que foi doado á Deputación da Coruña. Esta, na súa época, decidiu poñelo á venda en poxa pública, sendo finalmente adquirido polo industrial alemán William Putzer, quen levou a cabo importantes melloras na propiedade. Actualmente, o pazo está destinado ao turismo rural.

A ESTRUCTURA. En canto á estrutura, o Pazo de Láncara pre-

séntase como unha edificación de estilo palaciano, cun patio interior e torreóns na fachada, que orixinalmente non tiñan a mesma altura. Porén, debido ao proceso de restauración ao que foi sometido, as torres foron igualadas.

rácter defensivo orixinal, aínda que carecen da solidez monolítica que caracteriza as construcións renacentistas. Unha tripla arcada sobre piares decorados con molduras leva ao paseo porticado, que dá acceso ao patio e ás habitacións das torres.

cibiou un tratamento decorativo máis coidado. Sobre as arcadas da planta baixa ábreanse tres balcóns con montante e balaustrada de pedra, e en ambos lados do vano central atópanse os escudos heráldicos da familia, timbrados

A diferenza de outras partes do edificio, está construída en cadeirado, o que lle confire un carácter robusto e elegante. En canto ao resto das fachadas, a que dá ao xardín é a única de interese destacable, froito dunha reforma posterior que ampliou a casa mediante a construción dunha terraza de grandes dimensións no primeiro piso. Para acceder desde o xardín, construíuse unha escaleira monumental de pedra cun trazado complicado. Un dos elementos máis singulares do Pazo de Láncara é o seu recibidor, que actúa como distribuidor do conxunto e conecta as principais dependencias da planta baixa e do piso superior. O seu deseño é irregular e corresponde a dúas fases construtivas diferentes. No lado norte e occidental, aprécianse dous corredores alintelados sobre columnas dóricas de fuste liso, mentres que nos outros lados, as fachadas presentan un carácter máis doméstico, con vanos dispostos de forma asimétrica. Desde o recibidor, accédese á escaleira de pedra que conduce ao piso superior, un dos poucos elementos orixinais que se conservan no interior do edificio. En conclusión, o Pazo de Láncara, testemuño de varias épocas e transformacións, é unha xoia arquitectónica que reflicte a historia e o liñaxe da nobreza galega, e hoxe en día segue sendo un referente cultural e turístico na rexión.



A disposición das torres, xunto co corpo central máis baixo e lixeiramente afastado, crea unha composición que se distingue polo seu contraste entre o pechado das torres e o aberto do corpo central, concibido como unha loxa. As torres manteñen o seu ca-

MÁIS ELEMENTOS. A porta principal, de deseño barroco, presenta guarnicións con oreleiras, aínda que a execución da obra resulta basta e dista do modelo orixinal Porén, o traballo do canteiro no piso superior é máis refinado, xa que esta zona, ao ser a parte nobre, re-

con helmos de aceiro brunido e viseira entreaberta, como era propio daqueles cabaleiros que desempeñaron cargos na corte ou no exército. **AS FACHADAS.** A fachada principal, orientada ao sur, é a máis destacada de todo o conxunto.



Pili Madeira

FLORISTAS

bicarelo

📍 Rúa da Liberdade, 137

27600 Sarria (Lugo)

☎ 982 530 015 / 633 226 988

✉ floristeria@servimadeira.es

🌐 www.floristeriamadeira.es

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias

Tanatorios

Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo

Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es